

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 30 DE SETEMBRO DE 2015

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día trinta de setembro de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; don Augusto Rey Moreno, dona Leonor Fernández Grande, don Jesús Bao Bouzas, dona M^a Jesús Gómez González e don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

1.1. Proposta de aprobación do expediente núm. 4/2015 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos do día 16 de setembro de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores e de importe total de 16.432,58 euros.

O principio de anualidade queda recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

No relativo aos gastos o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento, por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración, ou ben por non existir a conformidade dos servizos técnicos a 31 de decembro no suposto das facturas que tiveron entrada nos derradeiros días do ano.

Visto que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar ós créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (Artigo 60.2 Real decreto 500/90: “Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos,...”).

Por tanto, atopámonos con gastos realizados que se teñen que aboar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración e, co recoñecemento extraxudicial de créditos, se posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Doutro modo prexudicárianse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles reconece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, por aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente número 4/2015 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2015 por importe de 16.432,58 euros, correspondente ás seguintes facturas:

NUM DOCUMENTO	DATA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACION SOCIAL	IMPORTE	CONCEPTO
FE14371067749096	23/10/2014	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	495,10 €	SUBMINISTRACIÓN GAS NATURAL CENTRO SOCIO-CULTURAL A BARCALA: DO 13/08/14 AO 13/10/2014
06	01/12/2014	34894634T	FERREIRO NOVO ANTONIO	1.923,90 €	TRABALLOS INSPECCIÓN EDIFICACIÓN ASOCIACIÓN VECINOS DE MEIXIGO (MEIXIGO, 43-A) AOS EFECTOS DE ESTUDAR CESIÓN DO LOCAL AO CONCELLO
21076	18/12/2014	B15025661	INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS, S.L.	20,81 €	SUBSTITUCIÓN LÁMPARAS FUNDIDAS BAÑOS SEÑORA CASA CONSISTORIAL
K/21829	30/12/2014	B27222827	NOR PREVENCIÓN, S.L.	411,40 €	COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAUDE EXECUCIÓN SUBSIDIARIA URBANIZACIÓN CALLES ABELEIRA, MARTÍN CODAX Y ESTANQUE
4B61738 M	31/03/2014	A28011153	ZARDOYA OTIS, S.A.	477,50 €	SERVIZO MANTEMENTO ASCENSOR CENTRO SAUDE CAMBRE: 1º TRIMESTRE 2014
118/014	21/11/2014	B70084272	DINAMO XESTION DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS, S.L.	471,90 €	DINAMIZACIÓN CURSOS DE VOLUNTARIADO CAMBRE 2014
F/02-15	08/01/2015	J27743152	MAIS QUE BRINCOS, S.C.	3.738,90 €	ALUGUER 4 INCHABLES E EQUIPO DE SON CAMPANA NADAL 2014/2015: 19 E 22 DECEMBRO 2014 E 3 XANEIRO 2015
01/2015	18/02/2015	14863228F	SANCHEZ QUINTELA ANTONIO	50,16 €	GASTOS LOCOMOCIÓN VOLUNTARIO LAZARILLO 3ª EDICIÓN: MAIO A DECEMBRO 2014
2002120000	11/12/2014	A81962201	EDITORIAL ARANZADI, S.A.	439,13 €	RENOVACIÓN 2014 SUSCRIPCIÓN REVISTA ARANZADI URBANISMO E EDIFICACIÓN
A-2015/00088814	24/02/2015	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	2.061,67 €	SUBMINISTRACIÓN DE AUGA A ABRIGOSA SEGUNDO TRIMESTRE 2014
A-2015/00090005	24/02/2015	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	2.767,57 €	SUBMINISTRACIÓN DE AUGA A TARROEIRA DE TABEAIO, 69 SEGUNDO TRIMESTRE 2014
A-2015/00090143	24/02/2015	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	1.950,63 €	SUBMINISTRACIÓN DE AUGA TARROEIRA DE TABEAIO, 54 SEGUNDO TRIMESTRE 2014
135/2013	04/12/2013	32711457Y	LOPEZ CARRODEGUÁS MARIA TERESA	1.059,11 €	ALUGUER DE STAND E SERVIZO DE AZAFATA XX FEIRA DE MOSTRAS A CORUÑA
02/2015	03/06/2015	32326683E	VAZQUEZ LOPEZ MANUEL	185,06 €	GASTOS LOCOMOCIÓN DE OUTUBRO A DECEMBRO 2014: VOLUNTARIO PISCINA, ACOMPAÑAMIENTOS, LABREGA SOCIAL E PAPA NOEL.
1/2014	13/12/2014	79342439Y	TORREIRO PAN DIEGO	63,29 €	APOIO MUSICAL INAUGURACIÓN EXPOSICIÓN XXXI CERTAMEN PINTURA CAMBRE 2014
1/2014	19/12/2014	47435705E	LODEIROS SOUTO NATALIA	63,29 €	APOIO MUSICAL INAUGURACIÓN EXPOSICIÓN XXXI CERTAMEN PINTURA CAMBRE 2014
1/2014	12/12/2014	54157677Z	DE FRANCISCO MANTIÑAN LUIS	63,29 €	APOIO MUSICAL INAUGURACIÓN EXPOSICIÓN XXXI CERTAMEN PINTURA CAMBRE 2014
1/2014	19/12/2014	48112030D	NOVO VALENCIA ANDRES	63,29 €	APOIO MUSICAL INAUGURACIÓN EXPOSICIÓN XXXI CERTAMEN PINTURA CAMBRE 2014
2/2014	19/12/2014	54157677Z	DE FRANCISCO MANTIÑAN LUIS	63,29 €	APOIO MUSICAL ENTREGA PREMIOS II CONCURSO FOTOGRAFÍA E PRESENTACIÓN CARTEL DE REYES
1/2014	19/12/2014	47379544G	ZAPATA MARTINEZ MARTIN	63,29 €	APOIO MUSICAL ENTREGA PREMIOS II CONCURSO FOTOGRAFÍA E PRESENTACIÓN CARTEL DE REIS

Segundo: Autorizar, dispoñer e reconecer as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade Cidadá e Desenvolvemento Socioeconómico de data 23 de setembro de 2015.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que a proposta que se trae hoxe a pleno é a de aprobar o expediente núm. 4/2015 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento do 2015, por un importe de 16.432,58 euros.

As facturas que se traen a aprobación quedaron pendentes de aprobar e contabilizar adecuadamente, con cargo ao orzamento correspondente, por non terse presentado no concello no mesmo exercicio en que se prestou o servizo ou se realizou a subministración.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que se trata do cuarto expediente de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores que se presenta. Son facturas que corresponden ao período no que estaba gobernando o anterior grupo de goberno, polo tanto, o voto do seu grupo, como non pode ser doutra forma, vai ser a prol.

O que si lle queren lembrar ao Sr. alcalde é que en varias ocasións se ten pronunciado aquí, no propio pleno, no sentido de preguntar cantos expedientes de recoñecementos extraxudiciais de crédito se ían traer cando os traía a pleno o anterior Goberno. Agora eles non lle van facer esa pregunta, simplemente vanlle lembrar que ao longo do mandato dos catro anos vai ter que traer bastantes máis, e eles non lle van facer ese reproche.

Por outra lado, o Sr. alcalde ten feito unhas declaracións no *Metropolitano* segundo as cales afirma que acaba de descubrir que había un caixón con 50.000 euros en facturas que están pendentes de pago. Dille que estaría ben que aproveitando que están nun pleno municipal lles aclarara a todos que tipo de facturas son, se son facturas que se presentaron polas empresas prestadoras de servizos no concello e se tamén van ter que ser obxecto dun recoñecemento extraxudicial de créditos.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que o seu grupo vaise abster neste punto.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que o seu voto vai ser a prol da proposta.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que por principio xeral, para Ciudadanos os provedores non son culpables dos atrasos do concello, e deben de cobrar, polo tanto van votar a prol, porque se obrigan aos veciños a que cumpran cos seus pagos, a administración debe de dar exemplo e cumprir tamén cos seus provedores.

Toma a palabra o Sr. alcalde, que antes de pasar a votar, quere dicirlle á concelleira popular que é unha boa pregunta para o próximo pleno. Estará encantado de que lla faga, e contestará con todos os datos dos que dispoña nese momento. Por outra banda, aínda que dixo que non era un reproche, polo menos parecíalo.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's). Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON.

A Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.2. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos do día 29 de setembro de 2015. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a declaración de urxencia da proposta presentada.

Proposta de aprobación da Conta xeral do Concello de Cambre do exercicio 2014

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Especial de Contas o día 24 de agosto de 2015.

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos do día 29 de setembro de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“Cumprimentado o trámite legal de exposición ao público da Conta xeral do Concello de Cambre do exercicio 2014, previsto no artigo 212 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, (*Boletín Oficial da Provincia* núm. 163 do día 27 de agosto de 2015), que finalizou o pasado 14 de setembro de 2015, e non téndose presentado alegacións durante o dito prazo e os oito días seguintes, procede elevar ao Pleno, co ditame favorable da Comisión especial de Contas, a seguinte **proposta de acordo**:

Aprobar a Conta xeral do Concello de Cambre correspondente ao exercicio económico 2014, nos termos que constan no expediente, integrada pola conta anual do Concello e a documentación complementaria legalmente establecida, así como a súa remisión, unha vez aprobada, ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas.”

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que por un erro non se incluíu este punto como un punto da orde do día da parte resolutiva, polo cal pide desculpas.

Explica que o que se trata é de que, unha vez aprobada na Comisión Especial de Contas do 23 de setembro pasado a acta da comisión celebrada o día 24 de agosto de 2015, se aprobe a Conta xeral do Concello de Cambre do ano 2014 e a súa remisión posterior ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que é certo que a Conta xeral é un documento contable que reflicte a situación económica, financeira e patrimonial do Concello de Cambre durante todo o ano 2014, pero tamén é certo que pon de manifesto a xestión que se ten realizado, dende o punto de vista económico, polo Goberno anterior.

Esta Conta deixa como resultados, en primeiro lugar, un aforro de 1.335.000 euros. En segundo lugar as disposicións de efectivo, é dicir, o índice de solvencia, que é máis que suficiente para afrontar os pagos a provedores a corto e a medio prazo. O índice de solvencia ten aumentado en máis dun 100% respecto do ano 2013.

En terceiro lugar indica que os ingresos totais anuais teñen aumentado un 1,59% con respecto ao 2013. E por último, o propio informe de Intervención xa sinala a suficiencia dos ingresos correntes para cubrir os gastos de funcionamento e os gastos financeiros.

Queren salientar que da liquidación do orzamento do 2014 obtívose un resultado orzamentario positivo de 1.146.000 euros, e que o remanente de tesourería para gastos xerais do 2014 aumentou con respecto ao 2013 e sitúase case en 1 millón de euros.

En canto á débeda do Concello de Cambre, durante os catro anos de mandato popular querer lembrar que se ten reducido á metade, pasando de 5 millóns de euros aos 2,5 millóns de euros que se atopan na actualidade.

Conclúe dicindo que, unha vez feitas estas argumentacións, o seu voto, evidentemente, vai ser favorable, xa que esta é a Conta xeral que deixa o Goberno do PP. Estas son as contas do anterior Goberno e, a partir de agora, analizarán e valorarán as do novo Goberno de Cambre. Dende o grupo popular agardan e esíxenlles que fagan



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

uso da eficiencia e do sentido común na xestión dos fondos públicos, e marquen as prioridades de gasto en atención ás necesidades que sexan máis urxentes para os veciños a partir de agora.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que é importante respecto da aprobación da Conta xeral, salientar que é de celebrar que neste concello se comece a presentar a Conta xeral en prazo, algo ao que o anterior Goberno non os tiña acostumados. Di que é imprescindible cumprir cos prazos en canto á rendición da Conta xeral, para que poidan optar ás axudas que saian a entidades locais, que dependen exclusivamente do trámite da rendición das contas.

Evidentemente o voto de ACdC-SON vai ser a prol da aprobación da Conta xeral, posto que ese é o trámite necesario para poder remitila ao Tribunal de Contas, e porque se trata simplemente do documento contable, non da configuración política das partidas que o conforman.

O único comentario que lle vai facer ao acabado de estrear Goberno é que, aínda que non son responsables políticos da xestión dos orzamentos que teñen como resultado esta Conta, de hoxe nun ano si que o serán, e aínda que este é un documento que non ten ningún tipo de implicación política, insiste, si que agardan ver de cara ao ano que vén, e seguintes, determinados aspectos que recolle este documento que necesariamente teñen que desaparecer e que levan sendo obxecto das críticas de ACdC-SON, e tamén das de UxC, nos últimos anos. Agardan que polo menos se comecen a contratar todos aqueles servizos que están en precario, orixinando moitísimos dos problemas polos que atravesamos o concello a día de hoxe. Durante anos e anos se están dedicando a parchear as chapuzas coas que teñen que tragar, en moitísimos casos por non ter contratados unha enorme cantidade de servizos básicos e imprescindibles para o desenvolvemento do concello.

Dicía a ex-concelleira de goberno que se aforrou no exercicio anterior 1.300.000 euros. Eles invitan ao novo goberno a que deixe de aforrar e invista e leve a cabo o seu labor real, que é gastar o diñeiro dos veciños nos veciños.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu grupo, a pesar de que ten detectado un erro no balance, vaise abster. Simplemente lles piden que o teñan en conta para vindeiros exercicios, que procuren que non se volvan a cometer eses erros.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON e os dous concelleiros do BNG. Abstense a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por vinte votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. Declaracións institucionais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da declaración conxunta presentada por todos os grupos que integran a Corporación. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a declaración de urxencia da declaración institucional presentada.

Declaración institucional para a axuda ás persoas refuxiadas

Consta do seguinte teor literal:

“As veciñas e os veciños de Cambre non podemos quedarnos impasibles ante o sufrimento das persoas que foxen da violencia, persecución e vulneración dos dereitos humanos.

Vivimos nun contexto global de desprazamento forzado sen precedentes e ante unha situación de emerxencia humanitaria nas fronteiras europeas onde miles de persoas inmigrantes e refuxiadas están a perder a súa vida e o seu dereito para buscar protección internacional.

Ante esta situación, temos que dar unha resposta coordinada de dignidade, solidariedade e xustiza, por iso o Concello de Cambre, dende o compromiso e a responsabilidade coas persoas refuxiadas, formula a presente declaración institucional:

Primeiro: O respecto do dereito de asilo e dos dereitos humanos é unha cuestión prioritaria para un aberto, plural e solidario como Cambre.

Segundo: As crises humanitarias, os conflitos e as graves violacións de dereitos humanos están a converter o século XXI no século das persoas refuxiadas. Sesenta millóns de persoas víronse obrigadas a abandonar os seus fogares fuxindo da violencia e a persecución. Só no que vai de ano presentáronse máis de medio millón de solicitudes de asilo na UE, na súa maioría acoden de Siria, Afganistán e Eritrea. Moitas delas, chegan ás nosas fronteiras en busca de protección e temos o deber e o compromiso de brindarlles unha adecuada acollida que lles axude a emprender unha nova vida con autonomía e dignidade.

Terceiro: O Concello de Cambre atenderá á especificidade da situación das persoas en procura de protección internacional coa posta en práctica de mecanismos de atención e acollida integral das persoas refuxiadas.

Cuarto: O Concello de Cambre expresa o seu compromiso de colaborar coas diferentes institucións e organismos na acollida de persoas refuxiadas, e articular aquelas medidas que sexan necesarias en colaboración coas organizacións que traballan na defensa do dereito de asilo dende un enfoque non asistencialista, de restitución de dereitos, centrado na autonomía e a dignidade das persoas refuxiadas. Para iso convocarase unha mesa de traballo para coordinar as diferentes institucións públicas con competencias na materia, as diferentes concellerías, ás entidades veciñais e ás entidades sociais especializadas.

Quinto: O Concello de Cambre canalizará a solidariedade veciñal e coordinará os recursos existentes no municipio. Para iso, poñerá a disposición da cidadanía un formulario web que recollerá as achegas, donativos ou recursos que a cidadanía pon a disposición das persoas refuxiadas. Unha vez recollida e sistematizada esta información, crearase unha rede de familias solidarias e intercambiarase esta información coas institucións competentes na materia para axilizar os trámites de acollida das persoas refuxiadas.

Sexto: O Concello de Cambre asesorará xuridicamente ás familias acolledoras, para que desde o primeiro momento teñan información sobre os compromisos que adquiren.

Desta forma, damos un paso que ademais de ser o noso compromiso, responde á iniciativa cidadá que expresou o seu impulso solidario coas persoas refuxiadas.

Queremos ser municipio acolledor, como exemplo de municipio inclusivo, xusto e comprometido coas persoas en procura de protección internacional.”

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a declaración institucional tal e como foi transcrita.

2.2. Mocions dos grupos municipais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo do PP. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a integran, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, explica que, aínda que esta moción que traen hoxe á aprobación polo Pleno, ou unha parecida, xa foi presentada polo BNG, eles permítense traela de novo porque cren que é importante. A continuación dá lectura á moción presentada.

A) Moción do grupo municipal do PP en relación coa ría do Burgo

Rexistrada de entrada ao núm. 0/8754 o día 25 de setembro de 2015. Consta do seguinte teor literal:

“A ría do Burgo ten sido historicamente un dos maiores problemas ambientais do noso concello. A situación das redes de saneamento e os vertidos que sufriu levárona a unha situación que chegou a facer perigar o seu importante potencial marisqueiro ademais de afectar á calidade de vida dos nosos veciños e veciñas.

Foi necesaria a implicación e determinación das diferentes administracións públicas para comezar a poñer solución a esta situación. Unha actuación coordinada e amparada polo Plan de saneamento local da ría do Burgo.

A día de hoxe, a maior parte das grandes infraestruturas de saneamento están executadas, quedando pendente o tanque de tormentas en Santa Cruz (Oleiros) e o sifón na ponte Pasaxe, actuacións nas que xa está traballando a Xunta de Galicia.

Pola banda do Goberno central, por primeira vez estase executando a partida consignada do Orzamento xeral do Estado contratando a redacción dos proxectos do dragado e rexeneración da ría.

Agora chegou o momento de que os concellos amosemos o noso compromiso e determinación para dar solución definitiva. Porque temos que implicarnos como os que máis na mellora ambiental da nosa ría. Por este motivo, resulta sorprendente a pasividade coa que o Goberno local se toma os puntos de vertido detectados por Augas de Galicia e cómpre amosar a nosa total vontade de colaboración co resto dos concellos, a Xunta de Galicia e a Administración xeral do Estado nas tarefas de rexeneración.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Popular propón ao Pleno municipal a adopcións dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Manifestar o total compromiso do Concello de Cambre co saneamento e rexeneración da ría do Burgo como elemento clave da economía, do medio ambiente e do benestar do noso concello.

Segundo: Abordar as obras precisas para solucionar as incidencias detectadas por Augas de Galicia na rede municipal de saneamento á maior brevidade posible.

Terceiro: Instar á Xunta de Galicia que inicie a contratación das dúas grandes obras de saneamento pendentes: o tanque de tormentas en Santa Cruz (Oleiros) e o sifón na ponte Pasaxe.

Cuarto: Instar ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente que continúe coa tramitación dos proxectos de rexeneración da ría de cara á licitación das obras en 2016.

Quinto: Amosar ao resto de administracións implicadas a total dispoñibilidade deste concello a colaborar co deseño, financiamento e execución das actuacións de saneamento e depuración da ría do Burgo para acadar unha solución definitiva.”

Don Manuel Rivas Caridad explica que, como dixo ao principio, esta moción foi presentada no pleno do mes de xullo polo BNG e todos os grupos a votaron a prol, pero tamén é verdade que se botou de menos naquela moción a implicación do Concello de Cambre.

O Concello de Cambre, nos últimos catro anos, investiu máis de 1 millón de euros en sanear o maior problema que tiña, que era o polígono industrial do Espírito Santo, quedando unha pequena fase por facer, e fíxose case sempre coa axuda da Consellería de Industria. Quedaba esa pequena parte e solicitóuselle á Consellería de Industria que a fixera, e cre que a Consellería, nestes días pasados, comunicoulle ao concello a subvención de cento sete mil e pico euros para facer esa actuación, co obxecto de acabar coas dúas focalizacións de vertidos que aínda non están solucionadas.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que se alegran moito de que o PP se adscriba a esta moción, e á moción xa presentada polo BNG.

Dille ao Sr. Rivas que os defectos que hai no saneamento, agora mesmo controlados, son defectos que non se produciron co actual Goberno municipal, son defectos que veñen case do ano 2011, e lémbrolla que no protocolo xa llelos indicaban. Polo tanto, son defectos que evidentemente hai que abordar, que están detectados.

Hai un que non está detectado, e que hai que detectar, que é o que vén da rúa Pígara, que non se sabe exactamente por onde vai, polo que haberá que facer unha investigación exhaustiva, porque aínda que se fixo un novo saneamento na rúa Pígara, non se acabou de detectar o foco de onde viña. Di que pasan esas cousas, tampouco lle van dar máis transcendencia, nin lle van dar máis nada. Hai que facer a detección, porque se fan unha obra haberá que facela controlando de onde veñen. Estase niso.

Despois o outro punto que queda é un punto mínimo, onde está a rotonda do Paraugas, e onde xa está feita a conexión, que ademais foi feita polo Goberno municipal do PP, a conexión de ambos lados da rúa.

Conclúe dicindo que están niso, pero só levan tres meses. De todas formas reitera que se alegran de que o PP se adscriba a esta moción, porque quere dicir que cando vaian á Xunta de Galicia a pedir este tipo de cousas, el agarda que o Sr. Rivas tamén vaia con eles, vaian todos os voceiros e teñan forza. E agarda que tamén teña o mesmo sentido nalgúns outros temas importantes para Cambre, como son a vía Ártabra, como é o vial 11-17, e que teñan esa colaboración pola súa parte para levar obras importantes de Cambre adiante.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que lle corresponde neste momento facer un labor de xustiza. Non quere desmerecer o traballo do BNG, só faltaría, pero repasando a hemeroteca, esquecéronselle ao Sr. Rivas bastantes iniciativas, e soamente vai falar dos catro anos nos que ela estivo de concelleira, non vai falar de cando ela non estivo. Di que hai exactamente catro anos, EU, naquel momento grupo municipal da Corporación, presentou unha moción en relación coa ría; un rogo do BNG o 28 de xuño de 2012; outro rogo de EU en febreiro de 2013; o 25 de abril de 2013, EU; outro rogo do BNG en decembro de 2013; outra pregunta de EU en outubro de 2014.

É dicir, cre que o compromiso daquela Corporación, e entende que desta tamén, manifestouse en todo momento. De feito, repasando a hemeroteca cando lía a moción do PP, a verdade é que a ela sorpréndelle bastante que o PP lles solicite a eles o seu apoio nesta iniciativa, cando, igual que aos veciños, este é un tema que lles preocupa e lles leva preocupando moitísimo tempo, moitísimos anos, e agora xa si que se vai máis para atrás.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Continúa dicindo que na exposición de motivos di o texto do PP que a situación levou a facer perigar o marisqueo. Dilles que non, que o marisqueo está ferido de morte, non está perigando, está morto. Chegaron a mariscar máis de 2000 persoas na ría, hoxe pouco pasan de 100, iso non é perigo.

No resto da exposición de motivos evidentemente cada un leva a auga para o seu muíño, iso está claro, a moción eloxia as veleidades das autoridades, que di que agora si por fin están facendo. Ela non sabe quen está a facer, nin sabe onde. E remata a exposición de motivos cunha frase que a ela lle chama a atención: “agora chegou o momento”. Di que é agora, non antes, o momento chegou agora, precisamente cando falta menos de un ano para as eleccións, agora van dragar a ría, agora van traer as vacinas para os seus fillos, agora os funcionarios volven cobrar o que lles roubaron, e agora é cando realmente hai que poñerse co tema da ría, agora.

Considera que están entón de en hora boa. Levan moitísimos anos con este tema, mentres gobernos de todos os ámbitos, do PP, miraron para outro lado, parchearon e mentiron unha e outra vez, dando largas para non solucionar o maior problema medioambiental que rodea aos veciños de Cambre e concellos lindeiros.

Respecto da toma de acordos, o Sr. Rivas só fixo mención do punto 2, o de abordar as obras precisas para solucionar as incidencias detectadas por Augas de Galicia. Evidentemente hai que solucionar esas incidencias detectadas por Augas de Galicia, pero hai máis puntos, como o de manifestar o total compromiso do Concello de Cambre co saneamento e rexeneración da ría do Burgo. Ela lémbrales a moción de EU de hai catro anos, e pregunta como non van estar comprometidos no Concello de Cambre.

Tamén fala a moción de instar á Xunta de Galicia a que inicie a contratación das dúas grandes obras de saneamento pendentes. Ela lémbrales unha visita no ano 2013, do naquel momento conselleiro de Medio Ambiente. EU fíxolle un rogo ao Sr. Rivas preguntando por esa visita e contestoulles que para finais do 2013, si ou si, ía estar contratado o tanque de tormentas. Agora estalles pedindo que apoiem instar á Xunta a que inicie a contratación do tanque, e ela dille que non, que non llo instan, llo requiren, llo esixen, llo suplican. Parafraseando ao Sr. Rivas, agora é o momento. Entende que el, durante todos estes anos, instou e instou, porque iso estaba aprobado así, por unanimidade, en todas as mocións que se trouxeron a pleno.

Manifesta que a única diferenza é que agora o PP di que é o momento, e durante estes catro anos que estiveron no Goberno, a ría cada vez está peor. Certamente, dende ACdC-SON si que agardan que agora de verdade sexa o momento, sexa polo que sexa, e utilizando o medio que sexa. En realidade cre que o momento vai ser dentro de un ano, aproximadamente, cando teñan a oportunidade de expulsar da Xunta de Galicia ao maior inimigo da ría do Burgo. Dicía a conselleira de Medio Ambiente, Ethel Vázquez, que é necesario que os concellos se impliquen. A ela de verdade que esas declaracións lle faltan profundamente ao respecto.

Conclúe dicindo que, evidentemente, ACdC-SON, se isto lles vai servir para poder sacar unha nota de prensa, vailles votar a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo realmente cando viron a moción do PP pensaron que sería esa que están colando en todos os concellos, pola unidade de España, pero sendo unha moción en defensa da ría do Burgo non poden por menos que valorala positivamente e manifestar o seu voto favorable.

Loxicamente tamén, cinguidas a unha serie de cuestións propias do BNG, votan quizais en falta na redacción deste texto unha mención ao movemento social, ao movemento asociativo que en defensa da ría do Burgo tivo que artellarse ao redor dos mariscadores, dos profesionais que traballan coas súas mans na ría, para defendela diante da inacción e inanición das diversas administracións central e autonómica.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

O BNG quere dicir unha cousa, aplicable a este goberno municipal, ao que estivo antes, do PP, ao que estivo anteriormente, do PSdeG-PSOE, e a calquera dos gobernos municipais que dan á ría do Burgo. O problema fundamental da ría do Burgo non foi a actitude dos concellos lindeiros coa ría, foi a inacción da administración autonómica e estatal, que son os que teñen competencias directas sobre este particular.

Xa di que benvida sexa esta caída do cabalo por parte do PP. Dende o BNG, concordar coa exposición de acordos que fai o PP, e tamén concordan, se lle permiten de maneira sucinta traelos a este pleno municipal, cos argumentos que fundamentan a marcha popular que este domingo partirá ás 12:00 do mediodía da Casa das Palmeiras, no Temple, en defensa dunha recuperación integral da ría.

Son catro puntos moi sintéticos, onde se fala, no punto número un, da firme aplicación de sancións nos causantes directos ou indirectos dos vertidos á ría do Burgo. Isto é algo que nos países nórdicos, que tantas veces se quere imitar, teñen moi claro. Alí saben que o fundamental para ter un ecosistema sostible, e un medio ambiente en dignas condicións, é realizar un traballo pedagóxico e de educación, pero antes de todo iso houbo que facer algo tan básico e sinxelo como o de que “o que a fai, a paga”, e aquí moitas empresas, moitos particulares, que de maneira descarada contaminaron durante anos a ría, teñen que ter algún tipo de responsabilidade, ben eles ou a administración de forma subsidiaria.

Dous. A finalización do proxecto integral de saneamento para eliminar os importantes focos de contaminación.

Tres. A definición consensuada coas agrupacións de marisqueo dun plan de rexeneración medioambiental de limpeza integral da ría do Burgo para o gozo e lecer cidadán, así como a recuperación dos bancos de marisco. Isto é moi importante, porque eles non queren que lles rexeneren a ría dende Madrid, porque dende Madrid teñen formulado todo tipo de barbaridades, e cónguese a dúas, unha xa hai máis de 40 anos, que era facer un aeroporto na ría, e outra hai vinte e pico anos, colocar unha esclusa á altura de Sta. Cristina para que estivera sempre a ría chea de auga.

E catro. Defender a elaboración polo Goberno español e a Xunta de Galicia dun plan urxente de axudas ao marisqueo, para que mentres non se teña producido unha total eliminación dos vertidos, se poida desenvolver con normalidade a actividade marisqueira. O que dicía a compañeira de ACdC, a pesar dos pesares a día de hoxe a ría do Burgo ademais de ser unha cuestión en sensu stricto medioambiental, hai máis de 100 familias que seguen vivindo do labor extractivo do marisqueo e teñen que ter toda a súa axuda para que ese elo non se rompa, para que definitivamente non desaparezan. Di que hai situacións verdadeiramente dramáticas que teñen que soportar á hora de acceder a determinadas axudas e prestacións, a un desemprego moitas veces forzoso.

Polo tanto, remata xa dicindo que benvida sexa esta moción do PP, e agardan que non sexa flor de un día, e que despois das vindeiras eleccións xerais continúe esta actitude reivindicativa por parte do Grupo Popular.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu partido leva pouco tempo nesta Corporación, pero é grato recibir esta moción que presenta o PP co fin de pedir ao Goberno e á Xunta a súa implicación na rexeneración da ría do Burgo. Seguindo esta actitude, non dubidan, como ben dixo o Sr. Carballada, que se verán na marcha popular do domingo día 4, ás 12, convocada pola Plataforma para a defensa da ría del Burgo.

Don Daniel Carballada Rodríguez intervén para dicir que “do Burgo”, que a plataforma é Defensa da ría do Burgo. Di que é un matiz importante, porque igual a “del Burgo” se confunden e van al Burgo de Osma.

Dona M^a José García Hidalgo responde que non se confunden, que a xente coñece ben as dúas.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que seguro que tamén a xente coñece os topónimos oficiais no país, e non fai falta que a Sra. concelleira os deturpe.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que, en primeiro lugar, quere pedirlle desculpas á Sra. Santos, porque ten razón, non se referiu ás iniciativas que en numerosas ocasións trouxo EU a este pleno, reivindicando a limpeza, saneamento e rexeneración da ría do Burgo. Simplemente se referiu á do BNG polo pasado tan próximo en que trouxo a moción, que foi o 29 de xullo, pero ten razón a Sra. concelleira en que houbo moitas iniciativas nese sentido.

Pero quere lembrar tamén que co Goberno municipal do PP, detectados moitos dos vertidos que tiñan Cambre, fixéronse obras importantes, e todas se fixeron, loxicamente, esixíndolle á Xunta os medios necesarios para facelas. Así, a rúa Pígara, á cal se referiu o concelleiro de Urbanismo, ou as tres actuacións no polígono industrial do Espírito Santo. A que lles quedou pendente e queda por facer, e á cal non se referiu, é, se non se equivoca, na rúa Bell e Marconi, para a cal a Xunta se comprometeu a dar unha subvención, e cre que xa llela notificaron.

El o que trata de manifestar con esta moción, ao traela aquí, é precisamente a présa. Está de acordo en que o tanque de tormentas tiña que estar contratado no ano 2013, pero o tanque de tormentas non se vai facer no Temple porque non hai sitio, e iso cre que xa foi dito pola Xunta de Galicia. Van trasladalo a Santa Cruz e facer o enlace da ponte Pasaxe, para non montar un tanque de tormentas, pola dificultade que ten coa ponte do Burgo, no Temple, onde estaba previsto. Iso levou, loxicamente, a facer un novo proxecto, pero cre que queda mellor, porque ademais vanse reforzar ou poñer novos elementos e pozos á altura do Seixal, onde se une precisamente Cambre con Oleiros.

O motivo da moción é precisamente que, xa que teñen esa subvención de Industria, que todas esas pequenas deficiencias que detectou Augas de Galicia, que o Concello de Cambre se comprometa a facelas coa suma urxencia que iso require, para que a Xunta de Galicia non poña ningunha desculpa e se fagan as actuacións de seguido.

E dille que si ao Sr. González Leirós. Dille que estará con el, se hai que ir á Xunta irá con el, sexa na vía Ártabra, sexa no que sexa que beneficie aos veciños de Cambre. Pídelle que non o dubide, que non ten máis que chamalo e el acompañalo a calquera consellería que queira ir.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que se alegra moito, ata agora cre que non foi así. De calquera forma, di que lles pediría que, se todos están de acordo, se puxeran mans á obra, deixar de falar máis e poñerse a actuar e resolver este problema.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo de ACdC-SON. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a integran, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

B) Moción do grupo municipal de ACdC-SON relativa á declaración de Cambre como concello contrario á aplicación do tratado transatlántico de comercio e investimento (TTIP)

Rexistrada de entrada ao núm. 0/8761 o día 25 de setembro de 2015, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“A UE e os EEUU negocian dende xuño de 2013 un tratado de libre comercio e investimentos, o TTIP. Anteriormente a UE finalizou as negociacións doutro tratado, o CETA, con Canadá que está a espera da súa ratificación por parte do Parlamento Europeo. As negociacións actuais do TTIP caracterízanse pola súa absoluta falta de transparencia, que se reflicten na súa nula presenza como noticia nos grandes medios de comunicación.

O obxectivo destes tratados é establecer un gran mercado transatlántico de máis de 800 millóns de persoas que consagrará o dominio das grandes corporacións transnacionais europeas e norteamericanas en detrimento dos cidadáns de ambas partes do océano. Aínda que os seus defensores argumentan que son positivos para reactivar a economía, a realidade é que estes tratados pretenden conseguir maior competitividade exterior a costa de rebaxar ou eliminar as regulacións laborais, sociais, económicas, sanitarias, educativas, culturais e ambientais, xa duramente atacadas polas sucesivas reformas habidas no noso Estado.

Non en balde, foron as multinacionais -industria automobilista, químicas, farmacéuticas e agroalimentarias, enerxéticas, bancos, fondos de investimentos, etc.- a ambos os dous lados do Atlántico as que máis premeron para impulsar estas negociacións.

Dado que os aranceis entre a UE e EEUU son xa moi baixos o tratado céntrase na eliminación de leis co fin de reducir custos para as multinacionais, as chamadas barreiras non convencionais. Así este tratado pode desembocar na supresión de regulacións sociais, laborais, ambientais ou de seguridade alimentaria e sanitaria, supoñendo tamén unha mingua nas liberdades dixitais. Para iso xerárase o “consello de cooperación regulador” onde se sentarán profesionais designados polas multinacionais e que marcarán as futuras normativas a crear polos estados.

Un dos capítulos máis polémicos é o da protección dos investimentos, pola cal calquera inversor privado internacional pode desafiar, ante tribunais comerciais (pouco transparentes e pouco democráticos) calquera lexislación (ambiental, laboral ou social) que interfira aos seus beneficios. Por exemplo unha regulación sanitaria para prohibir o uso de substancias tóxicas pode ser obxecto de demanda.

Queremos denunciar, á vez das posibles consecuencias que máis abaixo se enumeran, a opacidade e o nulo debate con que se están levando estas negociacións. Non hai debate porque este tratado estase negociando na sombra, sen ter en conta aos gobernos estatais nin á cidadanía. Tras varias roldas de negociacións a transparencia e a comunicación coa sociedade civil foron nulas. Os propios eurodeputados viron limitado o seu acceso aos documentos derivados das negociacións, feito o cal contou coa denuncia da propia defensora do pobo europea. En setembro de 2014, a Comisión Europea prohibiu unha iniciativa lexislativa popular que invitaba a rexeitar as negociacións.

Fronte á comunicación fluída e constante coas grandes multinacionais, toda comunicación coa sociedade civil por parte da Comisión Europea limitouse a obviar as críticas e repetir, sen diálogo ningún, as supostas bondades do TTIP.

As consecuencias das posibles ratificacións destes dous tratados e o de TISA, acordo sobre servizos en fase de negociación entre algúns países da OCDE, afectarían a amplos sectores da poboación a ambos os dous lados do Atlántico, posibilitando políticas que ameazarían:

- 1.- Os dereitos laborais como a liberdade sindical ou a negociación colectiva.
- 2.- A subsistencia de servizos públicos como a sanidade, a educación ou pensións.
- 3.- A xestión dos residuos, transporte ou saneamento e distribución de augas que serían privatizados.
- 4.- A seguridade alimentaria ao permitir os transxénicos na agricultura, o gando vacún hormonado, o porcino e o aviar clonados.
- 5.- Os recursos naturais, potenciando o fracking e importando produtos altamente contaminantes como as áreas bituminosas.
- 6.- A biodiversidade ao apostar pola agroindustria que implica perdas de variedades locais e razas autóctonas e a paulatina desaparición das paisaxes rurais.

- 7.- O principio de precaución sobre uso de substancias químicas ao deixar de controlar a súa seguridade antes da obtención do permiso comercial.
- 8.- A privacidade persoal ao permitir un maior acceso e control sobre datos privados por parte de empresas proveedoras de internet e outras grandes corporacións sectoriais.
- 9.- O acceso aos produtos farmacéuticos ao reforzar as patentes fronte aos xenéricos.
- 10.- A posibilidade de mecanismos de control bancario que eviten novas crises especulativas.

Polo exposto, o grupo municipal de ACdC propón ao Pleno do concello a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Declarar a Cambre como municipio oposto ao TTIP, defendendo os servizos públicos básicos para a solidariedade e redistribución social, o medio ambiente e a saúde.

Segundo: Solicitar ao Parlamento español e aos eurodeputados electos o seu rexeitamento á aprobación do TTIP.

Terceiro: Solicitar do Ministerio de Economía a suspensión das negociacións do TTIP.”

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta o desacordo do seu grupo coa moción que presenta ACdC-SON. Realmente non é un asunto competencia de pleno, pero dado que teñen que pronunciarse e xustificar o seu voto en contra, van facer unhas breves observacións á moción, para xustificar ese voto negativo.

En primeiro lugar, afirma a moción que o TTIP é un acordo para as multinacionais. Realmente as multinacionais xa teñen recursos suficientes para superar esas barreiras con Estados Unidos sen necesidade do TTIP, e é o que se está facendo ata agora. O que si existen realmente son barreiras para as pequenas e medianas empresas, que son as que non teñen un asesoramento xurídico para tratar de esquivalas á hora de exportar a Estados Unidos.

En segundo lugar, afirman tamén que vai supoñer unha rebaixa das regulacións medioambientais, laborais, de protección do consumidor e da saúde, educativas e sanitarias. Di que hai que lembrar que a propia comisaria de comercio da Unión Europea asegurou que se vai manter intacta a soberanía dos Estados á hora de facer as súas propias regulacións. Esta cuestión a expresa tamén o propio mandato de negociación da Unión Europea, que ademais é un documento público para todo aquel que poida acceder a el, que poida velo, e é público dende o ano 2014.

En terceiro lugar, tamén se afirma na moción que os aranceis entre a Unión Europea e Estados Unidos son moi baixos. Iso si é certo, para algúns sectores o son, pero hai sectores, precisamente os sectores máis sensibles, como poden ser froitas e hortalizas, nos que os aranceis son moi elevados. Di que pensen, por exemplo no caso de España, que leva 10 anos de xestións para poder exportar a EE.UU., por exemplo, albaricoques e aguacates. Ou o sector do automóbil, os propios fabricantes, que para poder exportar automóviles a EE.UU. teñen que pasar por dúas cadeas de produción diferentes, e por un dobre test de seguridade, e iso é algo ao que a TTIP pretende tamén darlle unha solución.

En cuarto lugar, afirmase que están desprotexidos os investimentos porque se asegura que poden limitar a marxe legislativa dos países e que serían as multinacionais as que gañen nese sentido. Tampouco cren que sexa certo, porque precisamente se ven o TTIP, ven que é a grande oportunidade de ampliar precisamente eses acordos para a protección dos investimentos e evitar ademais que un país demande a outro intentando facer valer un acordo de protección do investimento por políticas que non lles gusten. Precisamente o ATCI reforza e fai máis estrito ese sistema de resolución de litixios entre as empresas estranxeiras e os gobernos locais.

Conclúe dicindo que, con base nestas observacións, non están en absoluto de acordo co propósito, nin coa finalidade desta moción, e o seu voto non pode ser favorable.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo fan constar que, evidentemente, esta moción non ten que ver coas competencias sensu stricto municipais, e en función diso queren felicitar a ACdC-SON, por demostrar que ás veces determinadas cuestións, a política, é moito máis do que son moitas veces os xustillos das competencias en sensu stricto municipais.

Eles consideran que esta é unha cuestión moi importante, da que a xente ten que estar informada, da que o común dos cidadáns non teñen nin a menor idea, e consideran que é algo fundamental. Cre, ademais, que un dos acordos, un dos fitos, vai supoñer un cambio nas pautas de comportamento da sociedade de consumo na que viven, a medio ou longo prazo. Será algo similar ao que foi no seu día o tratado de Maastricht, a propia entrada no Mercado Común Europeo, ou máis recentemente a entrada da moeda única.

E faise esta xogada sempre a beneficio, en fin a banca sempre gana, a beneficio da banca, a beneficio das grandes transnacionais, porque loxicamente quen está detrás, os "lobbies", os exércitos de executivos que están impulsando esta medida en Bruxelas para facer tragar á Unión Europea con isto, son xente mandatada polas grandes multinacionais. É dicir, este tratado non está pensado, nin está impulsado, pola pastelería Morás para vender larpeiras en Estados Unidos, non, isto é algo moi diferente.

Di que ás veces lles queren facer ver cousas que non se corresponden exactamente coa realidade. Isto obedece a unha lóxica dos EE.UU. Toda vez que o seu mercado interno é incapaz de absorber a súa produción, buscan ampliar mercado e buscan un mercado que sexa suficientemente dócil, estable, solvente economicamente, e á vez non problemático, e ese mercado é, neste caso, os 300 millóns de persoas que forman parte da Unión Europea, por iso lles obrigan a asinar este tratado.

Xa di que é total e absolutamente unha barbaridade, porque equipararíanse os parámetros. Eles son unha formación no BNG crítica coa Unión Europea, pero se algo defenderon foi que historicamente a Unión Europea supuxo unha modernización e un avance en estándares de consumo e de protección para a cidadanía como suxeitos de consumo. Leváronse adiante uns patróns de salubridade, de seguridade hixiénico-sanitaria nos bens de consumo, que antes non había. É dicir, ti vives en Europa, ves ese selo da Comunidade Europea, e sabes que máis ou menos o común dos obxectos dos que podes ser susceptible de ir mercar, de ir acceder a eles, teñen uns patróns de calidade, de trazabilidade, que son obxectivamente os mellores do mundo a día de hoxe, por moito que haxa que mellorar.

O que se fai agora con este tratado é meter os patróns de fabricación, comercialización e consumo norteamericanos, e con iso veñen os transxénicos, con iso veñen producións de menor calidade en todo tipo de produtos alimentarios, pero tamén en bens de consumo de carácter industrial, construtivo, etc.

Continúa dicindo que eles cren que toca ter unha política proteccionista, que toca neste momento defender o seu, non xa como galegos, xa non nin sequera e chegado o punto como españois, senón simplemente como europeos. E moitas veces din que isto non é competencia do Pleno e si o é o da ría do Burgo, pois isto o que abre a porta definitivamente é a que determinada ameixa de produción no océano Índico, a que determinado marisco da zona do Caribe, a que determinados bens do mundo acuático que teñen en Galicia o seu expoñente de máxima calidade, entren nos limiares dos nosos supermercados con total e enteira liberdade, sen un mínimo de garantías en canto á súa trazabilidade, porque este TTIP establece que a administración pública fai deixamento do que eles entenden as súas funcións nesta materia, e simplemente queda todo isto regulado no marco de consumidor e empresa, e aí chas dean todas. E se tes algún problema podes acceder a unha serie de tribunais, que moitas veces operan como trust, como carteis deses sectores empresariais, onde son eles mesmos os que ditan as sentenzas sobre os seus propios produtos.

Insiste en que é unha cuestión total e absolutamente pornográfica, de introdución no capitalismo salvaxe, e eles, que cren noutro modelo de sociedade, e considera que iso o comparten cos compañeiros de ACdC, pois por



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

suposto que van votar favorablemente a moción, co espírito de que saia adiante e construír un mundo que sexa o máis humano posible.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que ela quería contestar un par de cousas. Alégranse moitísimo e celebran o voto contrario do PP. Nalgún momento pensou que se ían abster, algo que realmente a ela a tería ofendido profundamente. Evidentemente o PP goberna para os poderosos, polo que non poden estar a prol da soberanía popular, ACdC pensa no pobo. Iso é así.

Hai unha filósofa que se chama Susan George, que di que o TTIP é un tratado vampiro, pode vivir na escuridade, se o sacan á luz e se desvelan realmente as súas consecuencias, retrocede e morre, por iso lle chama tratado vampiro.

Non é competencia deles, evidentemente, se eles tiveran competencia para tirar abaixo o TTIP, ela estaba encadeada aí fóra 24 horas ao día. Non é competencia deles, pero aféctalles a todos na súa vida, no día a día, aféctalles moitísimo, e vailles afectar dende que se levanten ata que se deiten. Polo menos o seu espírito é trasladar, na súa pequena capacidade, a intención de ser municipio oposto a esta barbarie que se lles presenta. Contradiciendo á concelleira do PP, e con estudos na man, coa aplicación do TTIP vanse perder moitísimos postos de traballo no conxunto da Unión Europea, ao contrario do que lles están vendendo. As PYMES realmente van perder mercado, porque as pequenas empresas non van ter acceso ás mesmas fontes de financiamento que as grandes corporacións. Pregunta como non lles vai afectar, vailles afectar ás pequenas empresas de Cambre, a todas.

O TTIP pretende privatizar todos os servizos públicos, porque o servizo público estase vendo como unha posibilidade de negocio, e non como un dereito dos cidadáns. Se iso non lles afecta....

Neste punto interrompe a súa intervención para pedir un pouco de respecto.

O Sr. alcalde pide silencio aos señores concelleiros.

Dona M^a Olga Santos López continúa explicando que a contratación pública claro que vai afectar no concello. A contratación pública baseada na solidariedade e proximidade vai desaparecer a prol de criterios baseados nas leis de mercado. Pregunta como non lles vai afectar.

O gando. O gando vacún tratado con hormonas, o porcino tratado con cloro, provinte de Estados Unidos. A gandería ecolóxica vaise reducir. Vaise fomentar a agricultura industrial, vai afectar aos agricultores e gandeiros. Hai unha serie de alimentos transxénicos que a día de hoxe non están autorizados nin admitidos na Unión Europea, e con esa unificación de lexislacións van entrar nas casas polas portas abertas.

No momento no que se equipare a lexislación dos EE.UU. coa lexislación laboral da Unión Europea en materia laboral, pregunta que vai significar. Vai significar que terán que ceder parte dos dereitos que teñen asimilados e que teñen gañados, como por exemplo o dereito á folga, á negociación colectiva. Volve preguntar se iso non lles afecta, se non é competencia deles.

Conclúe dicindo que eles o traen porque é a súa obriga moral, cada un evidentemente ten que votar en consecuencia. Agradecen de entrada a manifestación do BNG, como non podía ser doutra forma, e corrixir e que quede moi claro que isto lles afecta e moito, e senón xa o verán.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que, por se houbera algunha dúbida, o seu grupo vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que eles tamén agradecen que se teña traído unha moción destas características, que aínda que non teña que ver moi directamente coas competencias municipais, si afecta grandemente ao que son os dereitos futuros da cidadanía europea en xeral, e tamén ás xeracións futuras.

Di que aos socialistas preocúpalles moito o escurantismo co que se ten levado un tratado desta entidade, e o que lles preocupa é que detrás disto haxa manobras orquestrais na escuridade, por dicilo dun xeito musical, que poñan en perigo a Europa e aos europeos sobre todo, como cidadáns, como consumidores e, tamén como traballadores.

Son conscientes de que un tratado levado con este escurantismo e co que se coñece del, pode implicar un retroceso nos dereitos dos cidadáns, e nese sentido opóñense. Opóñense porque detrás desta medida, da forma en que se está tratando, reaparece un modelo de Europa que consideran que estaba xa abandonado, e que foi polo que naceu nun primeiro momento a Comunidade Económica Europea, que é a Europa dos mercadores, a Europa dos lobbies, a Europa das grandes multinacionais, pero que despois tiña dado un paso á Europa dos cidadáns. Nestes momentos estase sufrindo un grave retroceso, cando asisten a unha actuación tan impresentable e tan denigrante como a que teñen dado os organismos europeos na crise dos refuxiados sirios.

No Partido Socialista non son euroescépticos, e el persoalmente considérase un europeísta convencido, pero preocúpalle a deriva que está levando Europa nos últimos anos, e cre que entre todos teñen que evitar que esa Europa que se construíu para atender as necesidades dun colectivo de moitos países, e sobre todo non de territorios, senón de persoas, porque pode acabar sendo, unha vez máis, a Europa dos mercadores. O seu voto, por suposto, vai ser a prol.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe manifesta que respecto da afirmación que fixo a concelleira de ACdC sobre que vai haber unha política reguladora común, quere dicirlle que unha das bases dese tratado é que as normas da Unión Europea, dos distintos estados membros da Unión Europea, non son obxecto de negociación nese tratado, polo tanto, non van afectar a eses sectores que se expuxeron.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que non está de acordo con esta moción, cada partido ten as súas posicións, e a súa, neste caso, vai ser votar en contra.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON e os dous concelleiros do BNG. Votan en contra os seis concelleiros do PP e a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por catorce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. Informes do equipo de goberno

De orde do Sr. presidente, a secretaria da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Dos escritos presentados polos grupos municipais designando aos representantes na Mesa de Contratación constituída por acordo adoptado na sesión ordinaria do Pleno da Corporación, de data 16 de setembro de 2015, para asistir ao órgano de contratación na adxudicación dos contratos por procedemento aberto, restrinxido e negociado con publicidade do artigo 177 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro:

- Escrito do grupo municipal do Partido Popular, rexistrado de entrada ao núm. 7852 o 8 de setembro de 2015, designando como titular a don Manuel Rivas Caridad, e como suplente a don Manuel M^a Mora y Pita da Veiga.
- Escrito do grupo municipal de Asemblea Cidadá de Cambre-SON, rexistrado de entrada ao núm. 8765 o 25 de setembro de 2015, designando como titular a don Antonio Bruquetas Santos, e como suplente a dona M^a Olga Santos López.
- Escrito do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, rexistrado de entrada ao núm. 8914 o 29 de setembro de 2015, designando como titular a don Brais Cubeiro Fernández, e como suplente a don Daniel Carballada Rodríguez.
- Polo Grupo Mixto (Ciudadanos) queda designada dona M^a José García Hidalgo.

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1700/2015, do 30 de setembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Juan González Leirós dende o día 1 ao día 12 de outubro de 2015, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 23 de xuño de 2015.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1701/2015, do 30 de setembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Augusto Rey Moreno dende o día 2 ao día 9 de outubro de 2015, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 23 de xuño de 2015.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

3.2. Rogos

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/8756 o día 25 de setembro de 2015.

1º A feira tradicional de Cambre ten desempeñado dende o século XVIII un importante valor socioeconómico no noso municipio; caracterizándose por ser un lugar de encontro dos veciños das súas diferentes parroquias, converténdose así nun instrumento vertebrador de persoas e territorios que, xunto ao seu indubidable papel social e ao seu carácter festivo, constituíu un elemento dinamizador dun importante número de transaccións comerciais en beneficio do noso municipio.

Pese a tan importante papel, nunca durante os máis de trinta anos de sucesivos gobernos socialistas no Concello de Cambre se regulou nin ordenou a súa feira; facilitando, por exemplo, a ampliación do número de postos ou acomodando o tránsito dos cada vez máis numerosos visitantes que acudían á dobre cita mensual. E iso pese a que a propia Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local atribúe, no seu artigo 25.2 g) aos municipios, competencias en materia de abastos, matadoiros, feiras, mercados e defensa de consumidores e usuarios.

Foi coa chegada do Partido Popular ao goberno de Cambre na pasada lexislatura cando por fin se ordenou, mediante a ordenanza municipal reguladora da venda ambulante, a tradicional feira de Cambre, adecuándoa ás necesidades tanto de feirantes e visitantes como dos veciños do noso municipio. Coa mencionada ordenanza facilitouse igualmente o tránsito de viandantes, dotando dunha maior ampliación ás rúas, ampliando o número e tamaño dos postos de venda ambulante e regulando a licitación de espazos para a venda de novos tipos de produtos.

Tras varios anos de dedicación e esforzo por parte dos servizos municipais que interviron na súa elaboración, a finais de 2014 e principios do ano 2015, completouse o procedemento de licitación e adxudicación dos postos e a feira quedou totalmente adaptada ás necesidades e intereses tanto de feirantes e visitantes como dos nosos veciños.

Sendo consciente da importancia histórica e socioeconómica da nosa feira, o goberno municipal popular unha vez cumprido este obxectivo, decidiu poñer en marcha os domingos de feira en período estival, unha serie de actividades colaterais coa finalidade de recuperar o seu valor e a forza que a nosa feira tivo antano; fomentando a participación dos veciños e empresas das diferentes parroquias e tratando de recuperar o carácter lúdico da cita; o que ao mesmo tempo favorece a chegada a Cambre de visitantes tanto deste como dos municipios limítrofes, coa evidente repercusión económica para o resto de negocios locais.

Ante a inactividade demostrada nos últimos meses neste tema, dende o grupo municipal popular solicítase ao goberno municipal que informe sobre as intencións de continuar coas medidas adoptadas polo anterior goberno municipal no fomento e apoio da feira de Cambre, interesando así mesmo a continuación da senda xa iniciada.

Dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, manifesta que son conscientes de que o anterior executivo local ordenou a feira de Cambre tal e como se está dicindo no rogo, pero tamén son conscientes de que dinamizar a feira de Cambre non significa contratar uns inchables e uns gaiteros sen ningún tipo de planificación.

Considera que as súas actividades paralelas non seguiron, na súa opinión, unha liña de estratexia. Se o que realmente buscaban con este tipo de iniciativas era atraer ao público á feira, deberían ter levado a cabo un programa continuado e cunha clara liña de actuación, como contempla a promoción de accións en concellos lindeiros, co obxectivo de atraer novos visitantes.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que lles parece perfecto que queira que haxa unha liña estratéxica de promoción da feira de Cambre, pero dille que contratar inchables e gaiteros si que é unha das liñas de promoción, claro que si, sobre todo cando se trata de grupos locais. Hai grupos aquí en Cambre, por exemplo en Sigrás ou Cecebre, en calquera das parroquias, que estarían encantados de acudir á feira a ofrecer os seus servizos de dinamización. Porque, ademais, do que se trata é de recuperar o valor histórico e tradicional da feira e, polo tanto, o que propoñen é facelo coa participación veciñal. É dicir, non necesitan unha liña estratéxica, porque a feira de Cambre ten un valor histórico, ten un valor cultural e ten un valor socioeconómico importantísimo, e o que necesitan é que os veciños participen, se impliquen, que é como van facer que a feira sexa un lugar de encontro e que veñan moitísimos máis visitantes.

Conclúe dicindo que un programa continuado dende logo que é necesario, pero é o programa que había, un programa continuado dende o mes de maio, abril, ata o mes de setembro, no que o actual equipo de goberno o ten deixado de facer, os seus motivos terán e iso é o que preguntan no rogo.

Dona M^a Dolores Blanca García Fernández contesta que eles, en primeiro lugar, non deixaron de facer, están facendo, e están facendo as cousas con un pouco de sentido común. Non significa que non vaian estudar a forma de dinamizar a feira, pero si baixo o consello dos expertos que, afortunadamente, teñen no departamento de Desenvolvemento Socioeconómico, e sempre cunha planificación patente.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, saúda a iniciativa do PP, manifesta que concordan total e absolutamente co exposto pola concelleira de Desenvolvemento Socioeconómico, e a maiores, sendo conscientes de que acaba de comezar a lexislatura, de que é pouco o tempo que se leva na acción de goberno, dicir algo que poderían traer como un rogo propio, que o trouxeron moitísimas veces e é algo recorrente, queren que dalgunha maneira conste en acta a necesidade de que os domingos de feira funcione o bus das parroquias. Se cando a feira do día 2 coincide en día laborable, de luns a venres, hai un aumento exponencial no número de usuarios dese bus, porque utilizan o bus das parroquias para ir á feira, non ten ningún sentido que cada 3º domingo de mes, non funcione o bus das parroquias.

Conclúe dicindo que o traballo que lle encomendan ao novo executivo é que, na medida do posible, fagan esa xestión coa empresa adxudicataria.

A continuación, e antes de dar lectura ao 2º rogo presentado polo seu grupo, don Juan Abalo Castex, concelleiro do PP, manifesta que se teñen visto obrigados polo propio equipo de goberno a formular o rogo que vai ler seguidamente, precisamente pola actuación que tivo o equipo de goberno neste tema, que xa introduciu no primeiro pleno extraordinario do 2 de xullo a creación de tres prazas de persoal eventual, cunha evidente présa que obrigou a deixar o asunto sobre a mesa.

O Sr. alcalde intervén para pedirlle que, por favor, lea o rogo, e o concelleiro popular dálle lectura.

2º Apenas dezaseis días despois da constitución da nova Corporación (elevando desta forma o asunto á categoría dos máis urxentes dos existentes no noso concello), o actual alcalde de Cambre ditou a providencia de 29 de xuño pola que solicitou informe respecto da creación de tres postos de persoal eventual coas denominacións de asesor de Alcaldía, secretario de Benestar Social e secretario de Obras e Servizos. Os tres coas retribucións propias dun funcionario do Grupo C-2 de administración xeral (isto é, auxiliar administrativo), cuxo importe bruto anual prevé, para cada un deles, 22.059 €, que van ser soportados polas nosas arcas municipais.

Emitido o mesmo día da súa solicitude polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior o informe solicitado; ese mesmo 29 de xuño, por parte do Sr. alcalde ditouse proposta de aprobación das mencionadas prazas e postos de persoal eventual para a súa aprobación polo pleno extraordinario a celebrar apenas tres días despois, isto é, o 2 de xullo, sen contar aínda co informe da Intervención municipal.

Tendo sido incluído na orde do día e entregada a documentación apenas un días antes da celebración da mencionada sesión plenaria, tras o seu debate, todos os grupos da oposición solicitaron a súa retirada da orde do día, ao que accedeu o Sr. alcalde "*co fin de discutilo e traballalo un pouco máis*".

Non obstante o anterior, o mencionado asunto foi incluído novamente días máis tarde na seguinte sesión plenaria sen a discusión e traballo prometidos polo Sr. alcalde, xa que se presentou coas mesmas características e as mesmas condicións coas que foi presentado inicialmente, traslucindo idénticas présas que as demostradas dende un primeiro momento, tal e como quedou patente na intervención do voceiro do grupo socialista, quen manifestou que destes tres postos, dous crearíanse e incorporaríanse de forma inmediata e o terceiro ao longo do ano 2016.

Na intervención do voceiro do grupo municipal popular sobre o particular, púxose de manifesto que o persoal eventual é, por definición, aquel que presta exclusivamente funcións de confianza ou asesoramento especial, isto é, tarefas que en ningún caso supoñan intervención nin participación no funcionamento ou xestión administrativa, non prestadas por funcionarios dos existentes no concello; concluíndo que a proposta de creación destes tres postos de confianza traslucía xa as nosas dúbidas de que os concelleiros pertinentes puideran levar adiante o seu cometido como tales (máis sangrante, se cabe, na Concellería de Benestar Social, onde se pasa dun

concelleiro a tres, máis agora, un secretario; habendo un político por cada dos funcionarios), ou trátase de crear cargos ou postos onde colocar afíns ao partido político que os nomea, creando un modelo excesivamente politizado contrario ao principio de obxectividade, recollido entre outros, nos artigos 97 e 103 da nosa Constitución, como esencial na actuación de toda administración pública.

Lamentablemente, as nosas premonicións fixéronse realidade. O pasado mércores 26 de agosto de 2015, o *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña, publicou o anuncio de nomeamento dos dous primeiros membros do mencionado persoal eventual, o secretario de Benestar Social e a secretaria de Obras e Servizos, que confirman, o que era un segredo a voces: a ocupación de tales postos polos números seis e sete da lista do PSOE de Cambre para as últimas eleccións municipais; burlando desta forma a vontade dos nosos veciños e sen que a día de hoxe saibamos cales son as funcións que van desempeñar.

Á vista de todo o anterior e ante a necesidade de explicar e informar aos nosos veciños cales son as funcións que van desenvolver as persoas nomeadas como persoal eventual, así como da incredulidade de que estas non poidan ser desempeñadas polo persoal xa existente no noso concello ou polos propios concelleiros, dende o grupo municipal popular solicítase informe do equipo de goberno sobre as funcións que van desenvolver as dúas persoas xa nomeadas como persoal eventual, a súa cualificación técnica, currículo académico e/ou profesional, experiencia en postos de asesoramento ou confianza semellantes a aqueles para os que teñen sido nomeados; así como as previsións de nomeamento do terceiro membro do dito persoal e as súas funcións.

Don Augusto Rey Moreno, concelleiro da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos, manifesta que lle sorprende que formulen esta pregunta, porque parece que nesta lexislatura tiveran descuberto o que é o persoal de confianza no Concello de Cambre. E sorpréndelle, aínda que o Sr. Juan Abalo na lexislatura pasada non formou parte do grupo do PP, e ao mellor descoñece que o Goberno do PP na anterior lexislatura contou con dous cargos de persoal de confianza.

En concreto, falando de labores de confianza administrativa, de apoio ao alcalde neste caso, o PP no seu Goberno contou cunha administrativa cualificada, que recibía unhas retribucións anuais por importe de 38.013 euros, e que por único labor coñecido tiña o de servir de secretaria á Alcaldía, cousa que era necesaria, nese sentido nunca teñen discutido.

Xa que o Sr. Abalo fala da politización dos nomeamentos como consecuencia de que os dous auxiliares administrativos que se incorporaron como secretarios de Servizos Sociais e de Obras eran parte da lista do PSdeG-PSOE, como números 6 e 7. Tamén dicir que por único mérito, que eles saiban, desa señora ou señorita que tivo o labor de asesora da Alcaldía, con labores de auxiliar administrativo, é ser filla dunha concelleira do PP en Viveiro. Non sabe se o Sr. Abalo o coñece, pero lémbrolla e dillo.

Continúa dicindo que o Partido Socialista, cando goberna, e cando presenta as súas listas, leva á mellor xente á hora de atender ás necesidades de Cambre. Calquera das dúas persoas que se teñen incorporado como secretarios, tanto á Concellería de Obras, como á de Servizos Sociais, estarían perfectamente capacitados como concelleiros para desenvolver esas áreas e, polo tanto, contan con eles polo seu coñecemento e pola súa capacidade de traballo.

Como saberá, o artigo 29 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, recolle e regula que é o persoal eventual o que realiza as funcións de confianza, será unha das funcións a desenvolver por ese persoal eventual, e a iso se teñen acollido dentro da máis estrita legalidade.

Tamén quere dicirlle, xa que pregunta cales son as funcións dun secretario como persoal de confianza, no seu caso é o seguinte: archivar, catalogar expedientes ou documentos do concelleiro, obter información de estado de tramitación de expedientes (sempre a demanda do concelleiro); informar e atender aos veciños, tanto presencial como telefonicamente, de acordo coas instrucións transmitidas polo concelleiro; utilización das aplicacións



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

informáticas de que se dispoña para atender as necesidades da concellería; ordenar e arquivar expedientes do concelleiro; e realización de labores de apoio ao concelleiro, como xestión da súa axenda, recepción e atención de citas, de visitas, etc.

Di que, evidentemente, estes son os labores auxiliares, baseados na confianza e na discreción con que se teñen que levar determinados temas, que non podían encomendar, non polas funcións en si, senón polas carencias de persoal nas que este concello se atopa, a persoal funcionario ou laboral do Concello de Cambre. Entenden que sacar persoal laboral ou funcionario do Concello de Cambre, dos servizos nos que agora están adscritos, implicaría un menoscabo na atención aos veciños, tendo en conta que o cadro de persoal do concello é bastante exíguo.

Conclúe dicindo que acudiron a esta fórmula perfectamente legal, e reitera a súa sorpresa porque formulen un rogo destas características.

Don Juan Abalo Castex, concelleiro do PP, manifesta, en primeiro lugar, que o Sr. Rey referiuse ao persoal de confianza na pasada lexislatura, e non por non pertencer á Corporación os veciños de Cambre non están informados do que pasa no concello, evidentemente si estaba informado da existencia dese persoal de confianza na anterior lexislatura. Esa persoa, con independencia da súa afiliación política, que a podería ter como calquera outra persoa, era licenciada en Dereito e persoal laboral da Xunta de Galicia, así que lle pide que non lle diga que era auxiliar administrativa ou unha persoa que non tiña os coñecementos suficientes para exercer as funcións de secretaria de Alcaldía.

Considera que non lles contestou ás preguntas que lle estaban facendo sobre a cualificación técnica, o currículo académico e persoal ou a experiencia en postos de similares características. Tampouco saben se teñen desenvolto a súa actividade profesional en cuestións similares ás que lles dixo, que polo que acaba de dicir podían ser desempeñadas perfectamente polo propio concelleiro. Está falando de utilización informática, ordenar os arquivos, asumir as visitas dos veciños, ... Pregúntalle entón o concelleiro que é o que realiza. Esas funcións ten que realizalas o concelleiro correspondente. Dende o equipo de goberno da lexislatura anterior así se estivo facendo, e tampouco se limitaban as horas nas que os veciños podían vir falar cos concelleiros e co propio alcalde.

Tampouco lles aclarou cales son as previsións en canto ao nomeamento do terceiro membro do dito persoal, cales serán as súas funcións. E, entre outras cousas, el cre que está o suficientemente motivado neste rogo as présas que houbo dende o primeiro momento, é como se ao entrar na lexislatura e tomar posesión xa tiveran os cargos como persoal eventual como promesa aos seus propios afiliados ou aos membros da lista de cada un dos partidos políticos, porque, entre outras cousas, así o deixou ver o Sr. Rey e así consta en acta, que inmediatamente se ían incorporar.

O tema tróuxose ao pleno extraordinario do 2 de xullo, cando aínda non estaba toda a documentación preparada, ata o punto de que a oposición unanimemente solicitou que quedara sobre a mesa, porque non se tiña presentado a documentación en prazo. Esas présas son as que traslucen, precisamente, un compromiso por parte do partido de colocar aos seus afíns, que eles consideran, como dicían no rogo, que é unha burla aos veciños de Cambre. Os veciños de Cambre, por designio popular, non querían que esas persoas entraran no Concello de Cambre, e eles, pola porta de atrás, así o están facendo, con funcións e creando necesidades que realmente non existen. E o Sr. Rey o acaba de dicir, as funcións que van desempeñar esas persoas poden ser desempeñadas perfectamente polos concelleiros, porque entre outras cousas están falando dalgunhas concellerías, como a de Benestar Social, que ten tres concelleiros e agora necesita un secretario máis, ou sexa, unha ratio de un político por cada dous funcionarios.

Don Augusto Rey Moreno manifesta que máis aló das sospeitas que o Sr. Abalo poida ter, que son moi súas e el as respecta, a realidade é moi diferente. Parece que nos pasados catro anos como membro da Corporación non

aprendeu nada do que é un concello, nin o que é a xestión dun concello, nin o que é a xestión dun concelleiro, nin o que é a xestión dun departamento. A ver se nesta lexislatura se decata.

Evidentemente o concelleiro si pode coller o teléfono, si pode escribir cun tratamento de textos, si pode recibir unha visita, como de feito fai, pero o concelleiro non está soamente para iso. O día ten 24 horas e, aínda que lle están dedicando moitas, os problemas que teñen enriba da mesa os concelleiros do equipo de goberno, o feito de facer eses traballos administrativos, impediríalles realizar outro tipo de traballos.

Pero de todas formas, pídelles que se imaxinen ao Sr. alcalde de Cambre da anterior Corporación collendo directamente as chamadas de teléfono dos veciños, facendo un escrito dirixido á Xunta ou ao propio departamento co seu ordenador, que por certo nunca viu no seu despacho. Di que el si o ten, que o ten no seu despacho e fai os seus escritos, e recibe os seus correos.

Pero é un dislate tan grande por parte do PP que presenten unha pregunta destas características, que non merece máis contestación. A titulación, as características para acceder a eses postos de traballo como persoa de confianza a teñen, e é o que lles pode dicir. É persoal de confianza, polo menos do concelleiro que fala e do grupo municipal dos socialistas de Cambre no goberno, e de todo o goberno en xeral, e por iso se ten collido. Entende que non é unha fórmula nova, é unha fórmula que se ten utilizado cantidade de veces, o PP a ten utilizado, e reitera que o fixo pagando 38000 euros a unha auxiliar administrativa, aínda que tivera unha licenciatura en Dereito e fora unha persoa capacitada, pero os labores que el sempre lle viu desenvolver eran labores de carácter asistencial ao labor e funcións do señor alcalde.

Conclúe dicindo que non lle merece, polo demais, máis aclaracións.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, felicita ao equipo de goberno e a esta casa en xeral polo inxente labor realizado o día 29 de xuño, onde o actual alcalde dita unha providencia, esa providencia ten un informe favorable por parte do xefe de Urbanismo e Réxime Interior e, finalmente, ese mesmo día 29 de xuño, festividade de San Pedro e San Pablo, por parte do Sr. alcalde dítase proposta de aprobación das mencionadas prazas e postos de persoal.

Xa di, simplemente felicitalos e agardar que con este ánimo de traballo todos os días, o concello se dea posto ao día o máis axiña.

Pide a palabra o concelleiro do PP.

O Sr. alcalde dille que non, que lea o rogo número 3. Non vai entrar nesa dinámica, e xa o dixo dende o principio, e vai mantelo mentres que estea sentado nesta cadeira. Pídelles que lle perdoe, pero que lean o rogo número 3.

Don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que por isto a el chamábao ditador.

O Sr. alcalde contéstalle que xa lle dixo, a el e ao resto dos voceiros, cales ían ser as regras do xogo dende o minuto 1. Pode pedirle que as cambie, mentres tanto sabe, como o resto dos voceiros, cales son esas regras, os minutos e as intervencións que teñen cada un.

Volve repetir que o teñen á súa disposición, para cambiar o Regulamento orgánico municipal, cando estimen oportuno. Non lles pode dicir nada máis.

3º O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, polo que se regulan os Servizos Sociais comunitarios e o seu financiamento (publicado no DOG núm. 63, do 30 de marzo de 2012), regula, entre outros extremos, os requisitos e dotacións mínimas que deberían reunir os centros de servizos sociais comunitarios básicos.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

A este respecto o seu artigo 7 dispón no seu primeiro parágrafo que os centros de servizos sociais comunitarios básicos deberán contar entre os seus requisitos xerais cun espazo separado que permita a privacidade nas entrevistas e reunións necesarias para a intervención social individualizada; así como cun espazo de reunións proporcionado ás características e dimensións da poboación atendida.

Este mesmo artigo dispón no segundo parágrafo que *“Para todos os efectos, serán centros de servizos sociais comunitarios os centros sociais de titularidade municipal que, desenvolvendo de maneira principal actividades dirixidas a determinados colectivos, sirvan, ademais de instalación de referencia para a atención ao público que demanda os servizos sociais comunitarios básicos, sempre que cumpran os requisitos mínimos establecidos no apartado anterior”*.

No que aos veciños de Cambre afecta, os ditos servizos sociais comunitarios veñen sendo prestados nos locais que a Concellería de Benestar ocupa na urbanización A Barcala. Neles, os usuarios e profesionais dos ditos servizos viron como a consecuencia da habilitación de novos despachos para os catro postos políticos incluídos agora no que foi unha única concellería, non se dispón dun espazo de reunións digno e conforme ás esixencias expresadas no mencionado decreto. Desta forma, as reunións sobre a materia que se están levando a cabo nos últimos meses, están sendo derivadas ao salón de actos existente nas instalacións municipais da Barcala, incumprindo co disposto na normativa invocada.

De aí que dende o grupo municipal popular se solicite informe ao equipo de goberno comprensivo das medidas que se van levar a cabo para devolver o espazo referido aos ditos servizos de forma que se cumpra cos requisitos e dotacións mínimas que debe reunir todo centro de servizos sociais comunitarios básicos.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro da Área de Benestar Social e Educación, responde que acepta o rogo en canto á limitación física de espazos para dependencias municipais de Servizos Sociais, é verdade que os espazos están moi condicionados. Pero a forza de ser rigorosos ten que dicirle que nin un só profesional dos Servizos Sociais se ten movido do seu espazo físico de traballo. Os funcionarios traballan, e seguen traballando, no lugar no que estaban traballando cando eles chegaron.

Tense traslado o rexistro. Entenden que mellora a atención aos veciños, facéndoo máis accesible e discreto. E é verdade que se teñen habilitado dúas dependencias, pero son para catro persoas. Dúas dependencias, catro persoas, a antiga sala de reunións, e o antigo rexistro, iso buscando o menor custo posible para as arcas municipais.

Falan no rogo dun espazo digno, falan do salón de actos. Dille que o salón de actos é un espazo dignísimo para a celebración de reunións e de recepción e atención aos veciños e veciñas de Cambre. Aí é onde celebra o persoalmente todas as reunións que ten cos veciños. Fai pouco reuniuse cos pais que por primeira vez acceden ao servizo de Mañanceiro, e máis recentemente reuniuse con pais afectados polos déficits de transporte escolar. É un espazo absolutamente digno.

O salón de actos estaba, e segue estando, infrautilizado, e se non lle deran este uso no horario de atención do departamento de Servizos Sociais, sinxelamente non tería ningún uso.

Dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, di que o que ela quere manifestarlle é que antes existía unha sala de reunións, e agora mesmo están utilizando un salón de actos. O Sr. concelleiro di que é moi digno, e a ela parécelle moi ben que el atenda alí a pais ou a quen sexa, parécelle correcto, pode atender onde queira, pero realmente, para os temas que se teñen que tratar cando son grupos, porque cando son individualizados loxicamente teñen os seus despachos, pero cando teñen que facer reunións de grupo para tratar temas moi delicados, ela non o ve como un lugar digno, sinceramente, e moito menos deshabilitando unha sala de reunións que xa existía para facer despachos de políticos.

Como se dicía no rogo anterior, son catro políticos para oito funcionarios. É unha ratio esaxerada e realmente, o lugar que están usando agora de reunións non é un lugar digno, nin moito menos, hai cadeiras apiadas, e non reúne a intimidade suficiente que debería de reunir. Simplemente lle gustaría saber se ten falado cos funcionarios ou cos usuarios que están agora mesmo frecuentando ese sitio tan digno do que fala.

Don Jesús Bao Bouzas responde que evidentemente fala con eles e que non tivo ningunha queixa explícita dos funcionarios, e moito menos do veciños, cara aos cales se dirixen e priorizan as súas accións.

Engade que a Sra. concelleira mestura o rogo número dous, co número tres, e el non sabe o que ten que ver un co outro. Lébralle que efectivamente ese espazo existía, era o espazo que no seu momento habilitou o concelleiro de Deportes para as súas reunións. Lébralle que non é como consecuencia da habilitación de espazos que non se dispoña dun espazo digno, é que ni tan sequera había un espazo digno onde o responsable político puidera desempeñar o seu traballo. A Sra. concelleira tiña abandonado o seu posto en primeira liña cara a un lugar máis cómodo, máis discreto e, consecuentemente, máis afastado da cidadanía. Eles apostan claramente pola proximidade. Ao chegar atopáronse tres almacéns, pero nin había despacho, non tan sequera para os concelleiros, pero é que nin un concelleiro tiña despacho nas dependencias de Servizos Sociais.

Rogos de ACdC presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/8761 o día 25 de setembro de 2015, xunto coa moción e coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Ante o lamentable estado dos parques infantís e zonas axardinadas do concello, queremos denunciar nesta ocasión o lamentable estado de diversos parques.

O primeiro deles é o situado nas inmediacións da rúa dos Muíños na Barcala. Existen deficiencias no que se refire ao seu acceso, mobiliario e carencia dunha pantalla vexetal no noiro da autoestrada.

Outro dos parques no que detectamos áreas de actuación necesariamente inmediata é o xa moitas veces demandado ao Goberno anterior, respecto do chan de terra nos bambáns da Casa das Palmeiras. Durante o período estival a situación non reviste maior problema, pero en canto comezan as choivas, fórmase unha charca e lamazal que impiden o uso dos xogos infantís, por outra parte bastante demandados. Un reenchido ocasional só fai que se mitigue provisionalmente a situación.

Tamén comprobamos o mal estado do parque infantil do parque Ramón Barba. Coidamos, neste caso, que existe un espazo amplo e apropiado para a instalación dalgún elemento máis para o goce dos máis pequenos, ou polo menos o mantemento dun mínimo estado de conservación do existente. Actualmente o chan ten fisuras e os elementos de xogo están en mal estado.

Por isto pregamos que coa maior urxencia se acondicionen os mencionados parques, xa que estamos a falar de actuacións que non requiren de importantes investimentos e se traducirán nunha maior calidade de vida, lecer e xogos dos nosos pequenos.

Dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, engade que en realidade o que non estaría de máis sería un estudo previo do estado de todos os parques, porque saben a situación na que actualmente se atopan. Teñen falado disto en moitas ocasións, eles aquí simplemente quixeron traer o que lles demandan inmediatamente os veciños, podían falar da famosa liña de media tensión no parque de San Lourenzo, ben, xa saben ao que se refire, era simplemente o ánimo de trasladar a imperiosa necesidade de poñerse xa co tema dos parques.

Don Augusto Rey Moreno, concelleiro da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos, contesta que respecto destas demandas puntuais buscarán a forma de dar un tratamento inmediato para a solución dos problemas que se poidan ter producido, tanto no parque infantil da rúa dos Muíños, como na Casa das Palmeiras, como nos balancíns do parque Ramón Barba.

Di que o certo é que si, recollendo as últimas manifestacións que fixo a Sra. concelleira, cren que é necesario facer un estudo de como están todos os parques na actualidade para nun futuro ir realizando os investimentos necesarios nos parques que existen, que ao mellor non hai que mantelos todos, porque a evolución demográfica nalgúnhas zonas dá lugar a que non sexan apenas utilizados. Haberá que buscar os investimentos precisos para facer unha estrutura de parques infantís coas medidas de seguridade que requiren, e unha provisión de xogos suficiente para os rapaces, buscando a desaparición daqueles que ou non son usados, ou polo seu pequeno tamaño non teñen sentido, buscando a mellora dos existentes ou a creación dalgún novo, incluso, e que sexan unhas zonas de socialización onde poidan ter cabida a maior cantidade de nenos posibles xogando á vez.

2º En numerosas ocasións son as propias administracións e poderes públicos en xeral os que provocan que determinadas situacións se produzan. No caso que formulamos, vimos ano tras ano denunciando a cantidade de vertedoiros ilegais que puntualmente van xurdindo ao longo do noso concello, provocando situacións indesexables de eliminación de residuos sen o tratamento axeitado, que ten como consecuencias graves o vertido a espazos naturais, a acumulación en zonas naturais de lixo e a existencia de moreas de materiais acumulados que non fan máis que danar os nosos espazos naturais.

Existe no Concello de Cambre un punto limpo no polígono do Espírito Santo.

Dende Asemblea Cidadá somos da opinión que a existencia de máis puntos limpos e non tan distanciados, levarían a unha menor existencia de vertedoiros ilegais.

Actualmente a veciños do Temple ou da Barcala resúltalles máis cómodo acceder ao punto limpo de Culleredo, en Ledoño, que ir ao Espírito Santo.

No Regulamento de xestión do Consorcio das Mariñas establécese que: "O número e localización destes puntos limpos é competencia do Consorcio das Mariñas e dos seus concellos integrantes, que terán en conta os correspondentes estudos de viabilidade e funcionalidade." (Artigo 47.3).

Con base no anteriormente exposto, pregamos:

Que en calidade de concello integrante do Consorcio das Mariñas, Cambre propoña a inclusión dun punto limpo nalgún lugar entre Cambre, A Barcala e O Temple, posto que estes núcleos de poboación aglutinan a case 16000 veciños e debido á situación xeográfica dos ditos núcleos moi próximos entre si, a consecuencia sería unha maior comodidade para os veciños e unha erradicación de vertedoiros incontrolados.

Don Juan González Leirós, concelleiro da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, agradece a proposta e di que acepta o reto.

3º A igrexa de Sta. María de Cambre é sen dúbida o monumento máis emblemático e un dos valores patrimoniais e arquitectónicos máis importantes do concello, tamén un dos máis visitados da comarca.

Co obxecto de informar, promover e difundir esta obra, unha das máis importantes de Galicia no seu estilo, o grupo municipal de ACdC prega ao Goberno que realice un estudo para a instalación dun panel informativo localizado nas inmediacións da igrexa, que inclúa información sobre ela, co fin de facilitar o coñecemento e mellorar a atención aos visitantes deste atractivo arquitectónico e a promoción cultural de Cambre.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

O estudo ao que se refire a presente iniciativa pode servir de experiencia para trasladalo ao conxunto do patrimonio arquitectónico, natural, arqueolóxico e cultural do concello.

A devandita actuación pode ser acometida con recursos do concello e con axudas da Deputación provincial e Xunta de Galicia, ou mesmo, do Ministerio de Educación.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro da Área de Cultura e Tradicións Populares, contesta que sen dúbida están de acordo en que a igrexa de Sta. María é un dos mellores elementos histórico-artísticos do concello, pero é sen dúbida tamén o mellor de toda a comarca.

Á parte desa consideración, que é seguramente bastante obxectiva, pode informarlle que fronte á fachada occidental da igrexa de Sta. M^a de Cambre hai un panel informativo colocado hai uns dous anos, máis ou menos, que mide 74 cm x 1,10 cm, que foi elaborado por unha persoa que coñece moi ben, tanto o deseño como o debuxo, como absolutamente todo, a información turística, iconográfica, histórico-artística, etc., que informa dunha maneira sintética, como non pode ser doutro xeito neste tipo de paneis, arredor dese elemento fundamental da historia e turismo de Cambre. Ademais fíxose un folleto complementario dese panel, que como o seu propio nome indica complementa a información do panel. Consideran que non é necesario un estudo para poñelo aí, e, dende logo, un estudo para poñer un panel sería o máximo, baixo o seu punto de vista.

Cre que o panel está nun lugar adecuado, porque non estorba, non hai contaminación visual. Fronte á igrexa, no adro da igrexa, poderían ter problemas de todo tipo. En primeiro lugar porque coa Igrexa teñen topado, en segundo lugar con Patrimonio e, en terceiro lugar, persoalmente, despois da experiencia adquirida nos anos que leva traballando polo Patrimonio, cre que dalgunha maneira supón contaminación visual, por moito panel informativo que sexa. Ademais, a oficina de información turística está a 30 metros. Non sabe que máis paneis queren aí.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que non deben ser tan efectivos eses medios se eles traen esta pregunta ao pleno. Pensan que, sendo como é unha igrexa do século XII, con ese valor intrínseco, e cos elementos adxacentes que ten, como son a Hidria e a Virxe co neno de pedra, ese tipo de cousas teñen que estar moito máis promocionadas.

Están de acordo en que está o panel diante da igrexa, pero repite que se podería buscar un lugar alternativo. Ao mellor non no medio de adro, ou ao mellor hai que multiplicar ese panel, pero o caso é que ese tipo de patrimonio, ese tipo de cultura que teñen no concello, non pode ser esquecida, nin tan sequera pode ser dada como por vista. Non se pode ter ese patrimonio dentro do concello e non ter máis de dez liñas na páxina web a modo de explicación, ou non facer mención a relación que ten esta igrexa co Camiño Inglés, porque por exemplo na páxina web non aparecen esas cousas.

O caso é que este rogo tamén se pode dar para que o resto dos elementos patrimoniais propios de Cambre sexan postos no seu xusto valor, e se na igrexa o Concello considera que xa está cumprido o labor de promoción da cultura que ten que levarse, que sirva este rogo para que se comece co resto dos elementos patrimoniais.

Don Ramón Boga Moscoso sinala que na páxina web do concello hai información, incluso se tivo que pelexar por iso moitas veces, hai información tremenda, sendo divulgativa, están falando dun tema de divulgación.

Explica que hai varios niveis no nivel de información. Están os niveis divulgativos, que son para a xente que non ten maior coñecemento, pero que lle gusta todo iso, é dicir, o nivel divulgativo básico para o turista que vén. E hai varios niveis máis de información, que van ampliando o coñecemento. Dende logo na páxina web o hai, aínda que hai outra cousa, o Camiño Inglés non pasa por Cambre, pasa por Sigrás, Anceis e O Temple. Poden falar da igrexa de Culleredo, de Tarrío, claro que si. Poden falar da de Cambre, poden falar da de Cecebre, da que

queiran, pero dende logo non é un elemento que estea vinculado directamente ao Camiño Inglés. Pregunta se o poden vender como tal, iso depende de como deseñen a súa política turística, iso está claro.

A información vaise renovando continuamente, é máis, este tipo de información é de hai dous anos, tanto o panel como o folleto, é dicir, hai varios niveis de información. En primeiro lugar unha placa con información básica na parte leste da igrexa, que recolle as características formais básicas, as características arquitectónicas. O devandito panel, que ten unha información que ata agora era totalmente inédita en todos os foros onde se fala da igrexa. Hai outro nivel máis que é o folleto. Hai unha oficina de turismo que está a 30 metros, onde se informa e hai un libriño que contén un pouco máis de información. Tamén está a tese doutoral trasladada a forma de libro de Margarita Vila da Vila que seguramente é a biblia en torno ás investigacións sobre a igrexa de Cambre. Proporcionáanse todos os artigos que existen sobre a igrexa de Cambre, iso dende o museo, e non só iso, senón que se dá información de calquera tipo de publicación que se fai, pois por exemplo das guías audiovisuais do país, de todo tipo de guías a nivel nacional, e pode dicirlles que está practicamente en todos os foros.

Pregunta que pretenden facer na páxina web, enchela de contidos ou non. Esa é a eterna discusión, é dicir, el ten intentado engadir máis contidos, pero os técnicos dinlle que hai que reducir. As cousas son complicadas nese sentido.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/8786 o día 26 de setembro de 2015, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Rogamos informen do proceso e estado da praza de xestión das actividades físicas para a saúde en centros deportivos privados que, ao parecer, quedou sen asignar.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira da Área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre, responde que o proceso quedou sen asignar porque a empresa entregou fóra de prazo a documentación precisa para poder adxudicar. En canto ao estado, dende o departamento de Deportes estase iniciando un novo expediente de contratación. En todo caso, cabe dicir que o servizo estase prestando igual.

2º A iluminación da pista deportiva de Pravio mantén un horario propio do estío. Rogamos solucionen a situación e estuden a posibilidade de instalar un interruptor (como pasa nun concello veciño, ao que por certo se trasladan veciños de Cambre para realizar a práctica deportiva).

Don Augusto Rey Moreno, concelleiro da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos, explica que a pista polideportiva de Pravio xa ten un botón, que se o premen, mantén iluminada a pista deportiva ata a 1 da mañá. En datas sinaladas como festas, incluso ese horario amplíase en función das necesidades, e a día de hoxe non teñen ningunha incidencia rexistrada. Si é certo que en caso de que se producira algunha avaría ultimamente, habería que miralo.

Don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, agradece a resposta e manifesta que informará aos usuarios que lle preguntaron por esta cuestión.

3.3. Preguntas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/8758 o día 25 de setembro de 2015.

1ª Os artigos 25.2 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local inclúe entre as competencias propias de todo concello a pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais, así como a seguridade en lugares públicos.

En contradición cos ditos artigos, os veciños da rúa Curros Enríquez do Temple, á altura dunha torre de electricidade, veñen soportando dende hai xa máis dun mes a falta de retirada de dous valos amarelos no que parece ser foron colocados provisionalmente por unha obra de pavimentación da beirarrúa. Non obstante atópanse nun lugar con desnivel que recomenda a súa retirada e substitución por outra ou outras definitivas que acaben coa dita situación de risco, sobre todo pola proximidade do centro escolar. De aí que dende o grupo municipal popular se pregunte ao equipo de goberno sobre as actuacións levadas a cabo no dito lugar, actuacións previstas e prazos para resolver o problema advertido.

Don Augusto Rey Moreno, concelleiro da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos, contesta que, unha vez vistas as necesidades de mellora de accesibilidade dese tramo da rúa Curros Enríquez, á altura do número 1, e para satisfacer as demandas dos veciños que se formularan con anterioridade, foi necesario realizar unha obra para ampliar a beirarrúa naquel punto.

Esa actuación non foi sinxela porque existe, como ben dixo o Sr. concelleiro, un centro de transformación de Gas Natural-Fenosa, que impedía o tránsito normal dos peóns. A actuación que se levou a cabo realizouse con medios propios do concello, como unha obra de oportunidade, durante o mes de xullo, debido a que naquel momento o concello contaba cunha brigada de obras temporal que acabou de prestar os seus servizos o 17 de xullo.

As obras a día de hoxe están paralizadas, e iso debido a que o Ministerio de Fomento requiriu ao Concello de Cambre para que no prazo de 10 días solicitara autorización para levar a cabo esas obras, autorización que non se tiña solicitado entendendo que non tiñan especial importancia. A autorización foi solicitada o día 2 de setembro e a día de hoxe non teñen contestación. Agardan que nos vindeiros días lles chegue e poidan acabar a obra, que como dixo é unha obra realizada en demanda e tendo en conta as solicitudes dos veciños de Cambre.

2ª O artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral establece que, no momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos deben, ademais de xurar ou prometer acatamento á Constitución, cumprimentar os demais requisitos previstos nas leis ou regulamentos respectivos.

Pola súa parte e coa finalidade de dotar de maior transparencia ás nosas administracións públicas e facilitar o acceso dos cidadáns á información pública, o artigo 8.1 h) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno dispón que deberán facerse públicas *“As declaracións anuais de bens e actividades dos representantes locais, nos termos previstos na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.”*

No mesmo sentido, o artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que os representantes locais formularán declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos. Formularán así mesmo declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por eles participadas e das liquidacións dos impostos sobre a renda, patrimonio e, no seu caso, sociedades nos termos que establezan os seus respectivos estatutos. Tales declaracións, levaranse a cabo antes da toma de posesión, con ocasión do cesamento e ao final do mandato, así como cando se modifiquen as circunstancias de feito.

As declaracións anuais de bens e actividades serán publicadas con carácter anual e en todo caso no momento de finalización do mandato, nos termos que fixe o Regulamento orgánico municipal.

A este respecto, o Regulamento orgánico municipal de Cambre, dispón no seu artigo 33.6 que *“As declaracións de bens e actividades presentadas polos membros da Corporación publicaranse con carácter anual no mes de xullo, na páxina web, que será de libre acceso”*.

Conforme co anteriormente transcrito, todos os membros desta Corporación tivemos que formular as nosas respectivas declaracións de incompatibilidade, bens e actividades para adquirir a condición de concelleiros con anterioridade ao pleno de constitución do noso concello; que se levou a cabo en sesión plenaria celebrada o pasado 13 de xuño. E conforme co noso Regulamento orgánico municipal, as ditas declaracións deberán publicarse con carácter anual no mes de xullo.

Transcorridos xa dous meses dende que as ditas declaracións deberon publicarse na web municipal, esta segue sen ofrecer os datos e declaracións referidos, razón pola cal o grupo municipal popular pregunta ao equipo de goberno cales son os motivos da falta de publicación (en claro incumprimento de toda a normativa invocada), así como os prazos previstos para a súa efectiva publicación.

O Sr. alcalde contesta que, segundo lles informou a secretaria municipal, por motivos de traballo administrativo do concello e as vacacións, aínda non lle deu tempo a colgalas na web. Ela di que a semana que vén están, el di seguramente están a semana que vén.

3ª Á vista das declaracións plenarias e as efectuadas en prensa polo equipo de goberno sobre a rehabilitación da Casa da Arrigada como biblioteca municipal e ante a realidade das dificultades de acceso a ela por persoas con mobilidade reducida; o grupo municipal popular pregunta ao equipo de goberno cales son os seus plans de localización e destino previstos para a biblioteca central de Cambre e en caso de que a súa intención sexa mantela na súa actual localización a medio ou longo prazo, cales son as actuacións previstas para a súa accesibilidade por persoas de mobilidade reducida; accesibilidade da que actualmente carece.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro da Área de Cultura e Tradicións Populares, contesta que, en primeiro lugar, o equipo de goberno nunca falou, nin nunca barallou, nin na prensa, nin en ningún outro foro, a opción da Casa da Arrigada como sede da biblioteca central.

Sexa como sexa, e fágase o que se faga nesa singular edificación, o que resulta evidente é que non existe a día de hoxe acceso para persoas con mobilidade reducida. É máis, leva dende a súa restauración, nos anos 80 do século XX, xa que lles gustan moito as datas, sen ese servizo básico, incluídos os catro últimos anos.

Por último, dende o Goberno municipal estanse a barallar diversas opcións para situación da biblioteca central, das que serán, como non pode ser doutra maneira, debida e oportunamente informados, posto que a súa intención non é mantela na súa actual localización.

Preguntas de ACdC presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/8761 o día 25 de setembro de 2015, xunto coa moción e cos rogos presentados para este pleno.

1ª Poden informarnos da situación na que se atopan as xestións iniciadas coa empresa de *catering* que presta servizos nalgúns colexios do concello, en relación coas anomalías detectadas na comida que se lle dá aos nenos?

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro da Área de Benestar Social e Educación, explica que o Concello de Cambre e a empresa adxudicataria do servizo de *catering* non teñen ningún vínculo contractual, polo tanto, son conversacións, máis que xestións, o que están mantendo con eles.

Se lle permiten, e por facer un breve relatorio do que foron os antecedentes aos cales fai referencia a pregunta, di que o concello tivo información do alarmismo e preocupación xerado por este servizo o martes día 22, cando asistiu persoalmente a unha asemblea do ANPA do Torrente Ballester de Sigrás, onde os pais lle expuxeron a profunda preocupación que están tendo polos déficits do servizo.

Ao día seguinte, xunto co Sr. alcalde, preocupados por este tema, visitaron os tres centros educativos que comparten o mesmo servizo de *catering*, neste caso, Graxal, Portofaro e Torrente Ballester. Falaron coas respectivas direccións, onde lles transmitiron diferentes realidades, pero, en calquera caso, si unha preocupación latente polos déficits do servizo.

Ao día seguinte, o xoves, e aproveitando a inauguración da nova escola infantil da Galiña Azul do Temple, o alcalde persoalmente lle transmite ao presidente da Xunta, o Sr. Núñez Feijóo, e á delegada do Goberno, Belén Docampo, a preocupación do Goberno municipal e das familias afectadas polo servizo e pídelles tomar medidas urxentes para reverter esa situación.

Entenden que por parte do Goberno autonómico, representado polo seu presidente, se toman medidas. Entenden que se lle ten dado un toque, unha chamada de atención á empresa, por canto ven que o servizo si está evolucionando, aínda que está lonxe de ser un servizo normalizado en canto ao seu obxectivo.

Tamén lles di que por mandato do departamento de Educación, o luns 28, dous técnicos municipais visitaron in situ, á hora do comedor, as dependencias, os comedores dos tres centros, onde si que é verdade que se perciben eses déficits, aínda que ven que dalgunha maneira que hai vontade de axustarse ao obxectivo final, que é, evidentemente, dar un bo servizo.

O martes 29, onte mesmo, e a petición da empresa, o Sr. alcalde e el mesmo reuníronse na Alcaldía coa empresa Col-Servicol, que é a adxudicataria do servizo, onde lles insistiron en que tiñan que tomar con urxencia medidas que permitan reverter esta situación.

Ao mesmo tempo, ese mesmo día, reuniuse persoalmente co xefe territorial de Educación, o Sr. Indalecio Cabana, a quen lle transmitiu tamén este feito e lle pediu unha intervención urxente respecto do problema.

Continúa dicindo que teñen detectado que os ritmos non son os adecuados, sobre todo na segunda quenda, onde os nenos comen frío. Nalgún centro, no Torrente Ballester por exemplo, non se chega, non hai tempo suficiente para que se practique o hábito dunha adecuada hixiene bucodental. Inicialmente recoñécese por parte da empresa que a comida era escasa, que chegaba á segunda quenda fría, nalgúns casos sen terminar de elaborar. A vaixela tamén estaba sucia.

A empresa tense comprometido a retirar moitos dos pratos que ten presentado en setembro e xa lles dixo que moitos dos pratos xa os retiraron. Tamén lles dixo a empresa, á súa maneira, é unha empresa de Andalucía, que vai facer un esforzo, e díllelo textualmente “un esforzo por galeguizar a comida”, para o cal tamén van dotar o servizo de máis persoal e van intentar xestionar os alimentos en lugares máis próximos. Todo o servizo está centralizado en Santiago.

Reitera que dende o Goberno municipal, e concretamente a persoa do Sr. alcalde, estanse esixindo permanentemente eses axustes. Cónstalles a intención que hai por parte da empresa de reverter a situación. A empresa detectou que necesita máis persoal para prestar o servizo, e dende o Goberno municipal téñense posto nese sentido á súa disposición, facilitándolles datos de veciños, a bolsa que teñen de emprego municipal, que está a disposición da empresa para que se nutra do persoal que precisa para que o servizo se preste adecuadamente.

Por último quere dicir que igual que no seu momento o teñen denunciado e se teñen feito eco das queixas e da alarma xeral que suscitou este servizo, tamén recoñecer o esforzo que está facendo a empresa para reverter a situación, como agardan se faga máis pronto que tarde. Nese sentido, a empresa pediulles unha moratoria, un tempo de 10 días para conseguilo. Se o fan así, evidentemente tamén recoñecerán o servizo en tanto e canto se normalice.

Toma a palabra o Sr. alcalde para facer unha puntualización. Di que esta empresa contratouse moi tarde por parte da Xunta de Galicia e tivo problemas. A comida chega precociñada e acaba de cocinárase nos colexios, por iso teñen que adaptar os tempos, e por iso había comida fría, agora parece ser que xa non se queixaban da comida fría. En fin, é verdade que a empresa está dando pasos para mellorar o servizo, pero un dos problemas graves é que a comida vén dende Santiago e logo aquí teñen dous fornos en cada colexio, con dúas neveiras e un lavalouzas. Ese hábito non o había aquí, e os traballadores tamén teñen que afacerse un pouco. Cren que vai no bo camiño.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que estarán moi atentos con este tema, que é un tema moi, moi importante.

2ª A participación cidadá é un dos piares sobre os que se debe sustentar a democracia local. Os consellos municipais son, dende este punto de vista, os mecanismos de participación directa de veciños/as e entidades relacionadas con cada área de goberno.

Para ACdC é un obxectivo político o desenvolvemento do Regulamento de participación cidadá (RPC) que impulse o asociacionismo, a participación social e a profundización e fortalecemento das estruturas democráticas, sendo a intención do noso grupo municipal potenciar a creación e funcionamento dos consellos sectoriais, tal e como están establecidos nos artigos 130 e 131 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e no RPC aprobado polo pleno do concello.

Con base no anterior preguntamos:

Ten previsto o Goberno a creación doutros consellos municipais de participación como o Consello de Cultura ou de Festas, para mellorar a participación cidadá? e, cal é a previsión de funcionamento dos xa existentes?

O Sr. alcalde contesta que hai que volver a crear todos os consellos. O problema que teñen agora é un problema de funcionarios. Hai un funcionario que está en Servizos Sociais, que era o encargado, e que é o que máis coñece o tema de participación cidadá, pero a prioridade neste momento, cos recursos que teñen, é darlle prioridade a Servizos Sociais. Dende logo, o máis rapidamente posible van a nomear todos os consellos, non só o de Cultura.

3ª Xa se ten exposto neste salón de plenos que na zona habilitada para aparcadoiro no campo da feira, existe un beirado con pronunciado desnivel que en ocasións provoca danos aos vehículos coas conseguíntes protestas dos usuarios, motivado no chanzo de aproximadamente quince centímetros.

Ante as continuas protestas e demandas dos cidadáns e as posibles responsabilidades subsidiarias do concello ante os danos ocasionados a vehículos, preguntamos se teñen pensado adoptar algún tipo de medidas preventivas para corrixir a situación denunciada.

Don Augusto Rey Moreno, concelleiro da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos, contesta que o beirado existente ten unha altura de quince centímetros e a normativa establece que pode ter entre catorce e dezaseis centímetros, polo que a normativa a cumpre perfectamente.

Claro está, se ten esa altura é para preservar o espazo gañado para o peón, coa intención de evitar que os vehículos acaben invadindo a praza, como sucedía hai tempo. Ademais, debido a que as prazas de aparcamento son moi amplas, cada praza en lonxitude ten 5,30 metros, aproximadamente, suficiente para aparcarse ben o vehículo, non é necesario que o beirado dos vehículos invada a praza. O que hai que pedir é un pouco de rigor e civismo á hora de aparcarse o coche. O beirado está aí, o que se pega co morro do coche contra iso é que non ten coidado á hora de aparcarse. E responsabilidade patrimonial por parte do concello, pódelle asegurar que ningunha, en todo caso sería o concello o que, se rompe o beirado, podería esixir responsabilidade ao condutor do vehículo.

A suxestión dun concelleiro engade que en torno dunha igrexa románica non parece o máis adecuado poñer un fluorescente.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/8786 o día 26 de setembro de 2015, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Que valoración fai o Goberno municipal da oferta de cursos de formación para desempregados?

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, engade que unha funcionaria, Ana Portela, responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, xa os chamou esta semana e respondeulles de maneira moi exhaustiva. Realmente foi unha conversación moi proveitosa, e a reformulación da pregunta, por onde vai a pregunta, é que ela lles explicou que a maioría dos cursos de formación que dá o concello teñen que ver coa área sociosanitaria, onde se fixo un investimento potente por parte do concello para ter unhas instalacións adecuadas.

E non xa como pregunta, nin moito menos, simplemente como comentario, pois parte das queixas que recibían eran porque había pouca oferta noutro tipo de actividade, máis industrial, máis vinculada a cursos de soldadura e ese tipo de cuestións, a el ocórreselle, como concelleiro o di, que por exemplo a lexislatura pasada era tema recorrente o aproveitamento deses cursos, desa actividade que había vinculada a esas cuestións máis relativas ao mundo da construción, para aproveitamento do concello, que se unha porta, que se unha cancela, etc. A cuestión é que se iso non se desenvolve ou se mingua esa actividade, tamén a nivel do conxunto de veciños non poderían desfrutar dese traballo.

Conclúe dicindo que máis nada e agradece que llelo responderan por adiantado.

O Sr. alcalde dille que grazas pola pregunta e pola resposta.

2ª Que ten pensado facer o equipo de goberno contra os denominados “plumachos”?

Don Juan González Leirós, concelleiro da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que non teñen conciencia de que os “plumachos” neste concello sexan un gran problema, pero pode que sexan eles os que non a teñen. O que si lles di é que hai unha cuestión moi clara, en principio erradicalos, é a única intervención que hai respecto deste tema, agás que apareza unha asociación “pro-plumachos”, que atenderán ás súas expectativas, pero en principio el cre que os “plumachos” teñen a suficiente problemática e son o suficientemente agresivos como para que haxa que erradicalos, non hai outra forma de abordar o problema.

Reitera que el o sente, que el non ten esa conciencia que o Sr. concelleiro lle transmite.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, dille que cando redactaron a pregunta o seu compañeiro Brais non sabía o que eran os “plumachos”, e el explicoulle.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

O Sr. alcalde intervén para lembrarlle que isto é unha pregunta, e faise a pregunta e unha resposta, para todo o mundo o mesmo.

Don Daniel Carballada Rodríguez pregúntalle se para todo o mundo.

O Sr. alcalde contesta que si, que ata agora así foi, e seguirá a selo.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que van comprobalo.

O Sr. alcalde reitéralle que si, e que se alegra de que o vaian facer.

A continuación, informa que as preguntas presentadas polo GM (C's), están fóra de prazo, tiñan que terse presentado dous días antes da celebración do pleno, polo que, se quere, o concelleiro de Benestar Social contestaralle por escrito, pero dille á Sra. concelleira que non os van ler.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral
M^a Luisa de la Red Ampudia